



<u>Acta número:</u> 4	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 09.02.2018	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 10:37

Asistentes

<u>Presidente/a:</u> D. Miguel Anxo Fernández Lores
D ^a Anabel Gulías Torreiro D. Demetrio Gómez Xunqueira D ^a María Carmen da Silva Méndez D. Xosé Luis Bará Torres D. Cesareo Mosquera Lorenzo D. María dos Anxos Riveiro Portela D. Raimundo González Carballo D ^a María do Carme Fouces Díaz D. Vicente Legísima García D ^a María do Pilar Comesaña Hermida D. Luis Alberto Oubiña Piay D. Jacobo Moreira Ferro D ^a María Aurora Cañizares Malagón D. Rafael Domínguez Artime D ^a María José Rodríguez Teso D. Cesar Alberto Abal González D Manuel Tomás Abeigón Costa D. José Luis Martín González D. Agustín Fernández González D ^a Paloma Castro Rey D. Iván Puentes Rivera D. Luis Rei Núñez D ^a María del Carmen Moreira Martínez D ^a María José Rey Martínez
<u>Secretario Xeral do Pleno:</u> D. José Luís Mato Rodríguez
<u>Interventora:</u> D ^a . Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE 22.12.2017 E 12.01.2018 E EXTRAORDINARIAS 20.01.2018.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias de 22.12.2017 e 12.01.2018 e extraordinarias de 20.01.2018, que é aprobado por unanimidade (25) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- APROBACIÓN DO PROXECTO DA 1ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE VELADORES (MESAS E CADEIRAS) NA VÍA PÚBLICA.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupos municipais do PP e Ma.Po), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 06.02.2018, emitido sobre a proposta da Dirección Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 01.02.2018, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 05.02.2018.

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra á concelleira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), dona Anabel Gulías Torreiro.

A Sra. Gulías Torreiro: Moi bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar o agradecemento polo ditame favorábel da comisión deste proxecto de modificación da ordenanza. É un tema do que levamos falado moito durante bastante tempo por ser un tema precisamente complexo, por ser un tema que requiría un proceso participativo extenso y así o fixemos dende o grupo de goberno.

Para nós o espazo público é unha cuestión vital. Para nós é un elemento fundamental que inflúe na calidade de vida dos veciños e das veciñas e que tamén inflúe nun dos sectores económicos máis importantes da cidade que é o sector da hostalería.

Polo tanto, dende fai moito tempo e grazas ao proceso de transformación urbana desta cidade, atopábamnos que na ordenanza de 1997 se encontraban algún desaxustes que era necesario coordinar ou corrixir. É por iso que fixemos unha modificación puntual desta ordenanza, tendo en conta cuestións básicas, non só a participación á que me referirei tarde se non tamén cuestións que eran necesarias para facer unha correcta reformulación, como por exemplo ter en conta as directrices de protección e uso do espazo público feitas por este Concello no ano 2009, ou mesmo a tan voluble lexislación autonómica como, por exemplo, a aprobación da lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galiza.

Polo tanto, leva tempo artellar todo esta nova modificación, esta nova articulación, e tamén levou tempo porque foi un proceso amplamente participado e acordado con diferentes actores sociais da cidade, mesmo partidos políticos. Todos entendíamos que o espazo público tiña que ser un espazo polivalente e con multiplicidade de usos, por iso propoñemos algúns cambios no que afecta á vida natural do espazo e tamén á vida dos actores que nel conflúen. Modificamos elementos de decoración, horarios, garda, espazo, xestión, introducimos anexos para facilitarlle aos hostaleiros a compatibilidade coa accesibilidade universal e establecemos un novo capítulo, uns novos artigos sobre o sistema de infracción. Nós o que presentamos é un instrumento que sirva para seguir garantizando a compatibilidade, para seguir garantindo a polivalencia de usos no espazo público pero sobre todo un instrumento de xestión participado e acordado.

Máis nada, quedo a súa disposición para calquera pregunta ou cuestión en relación á mesma.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Gulías.

Seguidamente, en representación do grupo municipal Marea Pontevedra (Ma.Po), intervén o seu portavoz don Luís Rei Núñez.

O Sr. Rei Núñez: Bo día. Pensei que falaba antes a compañeira de Ciudadanos.

Recoñezo o ánimo de consenso e integración da concelleira que pilotou esta modificación dunha ordenanza que data de 1997; fanse contar no expediente xuntanzas con directivas de entidades como a Cámara de Comercio, a Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa de Pontevedra, de Xóvenes Empresarios, dos hostaleiros e empresarios de Pontevedra e do Centro Comercial Zona Monumental, ademais das federacións de veciños.

Nós tamén temos ánimo de consenso e saudamos avances importantes como a erradicación dos toldos amurallados con lonas que se converten de feito en ampliacións dos locais, para maior gloria do tabaquismo, por certo, ou o establecemento dun réxime de sanción aos infractores que só demostrará a súa efectividade co acompañamento dunha vixilancia real.

Co ánimo de apoiarmos a proposta e para completar algúns aspectos que nos ofrecen dúbidas propoñemos cinco emenda concretas que teñen que ver coa reserva de superficie para veladores, cos sistemas de climatización e cos horarios.

Trátase de garantir que nos espazos públicos quede un mínimo do 50% libre de mesas e cadeiras de establecementos hostaleiros, que se prohiban as estufas de combustión de gas pola súa repercusión no medio natural e na saúde e que o horario de peches de locais no se estire media hora máis da actual. Pensamos que son lexítimos os intereses dos hostaleiros pero tamén o acceso de todos aos espazos públicos, as condicións de seguranza ante posibles emerxencias, o respecto á saúde e ao ambiente e o dereito de descanso dos veciños. Coas nosas propostas pretendemos chegar a un punto de equilibrio razoable entre a hostalería e a vida de diario facendo da nosa unha cidade do século XXI.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Rei Núñez.

A continuación, intervén don César Alberto Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular (PP).

O Sr. Abal González: Gracias, Sr. Alcalde. Bo día a todas e a todos.

Hoxe estamos aquí despois de máis dun ano de que este grupo se reunira cos hostaleiros da cidade nunha reunión aberta que fixemos na sala do mercantil e temos que alegrarnos de que despois dun ano hoxe esteamos cun avance nunha normativa que nós entendiamos que había quedado obsoleta. Habíase feito para outra cidade, no 97, a cidade mudou, como todos ben sabemos, prima o espazo peatonal e sempre nos habíamos esquecido de adaptar a normativa, non só pasa con esta, pasa con outras normas moitas que están obsoletas.

A primeira reacción do BNG foi a través da concelleira Carmen Da Silva que, ao principio, as súas declaracións eran de cerrazón de non afrontalas, e descoñecemos a reflexión que houbo dentro do BNG para que a continuación tomara este asunto a

Sra. Gulías e quixo guiala a bo porto e coa nosa man tendida, coa nosa colaboración leal que llo dixemos publicamente en privado; e hoxe estamos aquí, insisto, cunha primeira modificación da ordenanza que nós queremos que sexa unha ordenanza nova que regule todos os aspectos relativos á convivencia pero bueno este, como entendinlle á Sra. Gulías nunha rolda de prensa, é un primeiro paso e a nosa absten- ción vai nesa liña de apoiar esta modificación pero animarlle a que faga unha orde- nanza definitiva, unha ordenanza que dea certidumbre ao sector porque todavía que- dan moitos aspectos sen regular.

Non entendemos as emendas de Marea a última hora, acaba de dicir con ánimo de consenso, cando un grupo ten ánimo de consenso non espera a última hora e fai as emendas a un pleno, eu creo que con ánimo de polemizar, non compartindo o criterio que acaba de argumentar o Sr. Luís Rei. Fai dous meses nunha comisión fixémosos a achega a todos os grupos dun borrador, alí puidemos todos os grupos facer ache- gas, eu as fixen, sei que tiveron en conta dúas, unha delas era xustamente o tema dos calefactores que non estaban regulados, agora se regulan as estufas de gas, non entendo a emenda de Luís Rei, de Marea, coas estufas de gas, creo que aquí non se está pensando tampouco nos hostaleiros, no recibo eléctrico, non toda a car- ga impositiva que padecen, hai unha regulación que informa a Asesoría Xurídica, in- forman os técnicos, ten que cumprir os parámetros legalmente establecidos; polo tanto, o temas das estufas nós consideramos que axuda moito á certidume do sec- tor.

Ben, por desgraza en Pontevedra ao peso do sector industrial é dun 9,8%, cando a media galega é do 16%, a nós nos gustaría, non como dixo o noso Alcalde nunha xuntanza cos empresarios que quere unha Pontevedra de servizos, nós queremos unha Pontevedra no que o peso da industria, como mínimo, se achega á media de Galicia, que xa de por si é moito máis baixa da media de España.

E faltaba unha ordenanza, esta primeira modificación, que puxera en valor a impor- tancia das terrazas na proxección da cidade, con este modelo de persoas, este mo- delo peatonal, as terrazas contribúen á proxección da cidade, unha cidade acolledo- ra, vitalista, integradora, dinámica. Facía falta unha regulación que non houbera eses toldos, como neste caso si que comentaba moi ben o Sr. Rei, e que puxera, envelle- cese, axudase a contribuír á proxección da cidade.

Todas as cidades de Galicia, polo menos as sete grandes, abordaron este problema, en todas os problemas son os mesmos e en todas chegaronse practicamente ás mesmas solucións, nós por iso lle insistimos ao BNG que lle perda o medo a afrontar de verdade esta ordenanza porque darase conta se ve as ordenanzas de Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, que ao final todas chegan, practicamente, ás mesmas con- clusións, é un debate que ao mellor por medo á polémica que pode acontecer non se aborda e nós animámoslle a que nesta e noutras ordenanzas contén coa oposición, que á parte da nosa labor de fiscalización e control, tamén tendemos a man en cou- sas que redundan no beneficio de todos.

Como xa lle trasladei nas nosas suxerencias, esta primeira modificación deixa sen regular os soportais, deixa sen regular as terrazas interiores, temos algunhas autenti- camente preciosas e froito de moitas reportaxes nos medios, non regula as tarimas exteriores, non ten en conta os criterios de diversidade de espazos e, na primeira modificación, non queda claro o da tributación única, nós unha suxerencia que lle fi- xemos chegar en varias ocasións ao grupo de goberno era que se tivese en conta. Agora estase tributando unicamente por mesa e catro cadeiras, se un local de hosta- lería ten unha mesa e unha cadeira debe tributar moito menos que unha mesa e ca-



tro cadeiras, igual con dous, igual con tres, igual con catro, e informáronse que se ía a ter en contra na ordenanza fiscal, esperemos que así sexa, eu llo lembro aquí para que o teña en conta porque é algo que si que o sector nos fixo chegar e que propicia a libre competencia.

Tamén fala o Sr. Rei do tema dos horarios, nós cos horarios analizando, como dicía antes, o que fixeron nas outras cidades todas chegaron ao mesmo punto, aquí hai un horario único, onde exceptúa unicamente as festas da Peregrina. O que fixeron todas as cidades, despois de reunirse con todos os axentes, chegaron practicamente a un consenso que é establecer tres tipos de horarios, un que é do 1 de outubro ao 30 de abril, no que de xoves a domingo as terrazas poden estar abertas ata as once e media da noite, os fins de semana ata as doce e media; outro horario que sería maio, xuño e setembro, que poden abrir de xoves a domingo ata as doce e media, e o fin de semana ata a unha e media; e os meses de máis turismo, máis importantes de verán, xullo e agosto, déixalle abrir ata as dúas e media. Nós entendemos que é máis en Pontevedra contribúe, insisto, á proxección da cidade e xusto neses meses de verán, cando se enche de turistas é un elemento que axuda á proxección da cidade e a imaxe que os turistas se levan de nós.

Polo tanto, convíddolles a que nunha ordenanza futura teñan en conta todos estes aspectos, a nosa abstención, insisto, o noso apoio a esta primeira modificación pero a nosa abstención é tamén para convidaros a que nun futuro fagan unha ordenanza nova e contarán coa nosa boa disposición, porque isto creo que vamos todos no mesmo barco e queremos que chegue a bo porto.

Nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sr. Abal.

Sra. Gulías, ten a palabra.

A Sra. Gulías Torreiro: Simplemente para facer unha lectura rápida das emendas presentadas por Marea.

Imos ver, nós ofrecémonos ata o último momento a consensuar, a ver e a escoitar todas as propostas para mellorar o texto da ordenanza, se ben é certo e así mesmo o recoñece o voceiro de Marea que as presentou nunha marxe temporal un pouco curta para analízalas coa suficiente e coa debida antelación, porque este é un tema realmente serio e realmente complexo, e cando falamos da necesidade de facer ordenanzas grandilocuentes, esquecemos que, en moitos casos concretos que se deben regular, e que esixe un consenso e unha participación comprometida e así o fixemos.

Entón, eu por ir mirando as emendas unha a unha, creo que hai cousas que teñen un amplo marxe de mellora incluso na emenda; quero dicir, falan nunha primeira emenda na que solicitan suprimir o termo preferentemente, claro nós cando colocamos preferentemente facémolo por unha cuestión de operatividade, por unha cuestión de realismo pragmático e pónolle tres exemplos que acontecen nas rúas nas que hai espazo suficiente e hai bares dos dous lados da rúa, o que estamos facendo se colocamos as terrazas no sentido que vostede suxire pois unha especie de zigzag que, por certo, cos colectivos cos que me reunín deixou vostede algúns, Pedaladas, Amizade, Once hoteleiros, Zona Monumental, os hostaleiros do grupo de Ponte de Tapas, veciños con todas e cada unha das asociacións, incluso recibín a xente a título individual para falar, grupos políticos e demais, digo que esqueceu algún, supoño

que non intencionadamente, non quero ser mal pensada pero esqueceu algún grupo.

Entón, como lle digo, eles mesmos, estes colectivos con diversidade funcional, dicían que non era recomendable esta colocación, máis alá aínda, como tamén me reunín cos comerciantes, me dicían que o que vostede suxire nalgunha rúa con espazo suficiente pode ser un prexuízo para os propios establecementos comerciais polos escaparates, polos accesos e demais

Fíxese vostede o que é o exemplo concreto e o concreto que nós imos, que mesmo en prazas, e o comentei na comisión, como a que falábamos cando vostede presentou as emendas, no caso da praza da Verdura, esa colocación que vostede propón na marxe esquerda da praza, con tres locais de hostalería, o espazo libre que deixa remata cun escalón, polo tanto estaríamos deixando e eu sei que non é a súa intención o tema da accesibilidade que tanto defenden como é no noso caso. Por iso no punto dous de ese artigo o que regulamos concretamente é que nos usos ou na colocación que vaia pegada á liña de fachada, ten que estar debidamente xustificado por ordenación de espazo público. E en máis na terceira emenda que a a min aí me parece que non está debidamente pensada, pode ser pola falta de tempo na preparación das emendas. Fíxese unha cuestión que é básica, vostede alí di supriman a coletilla que nós poñemos destinada a uso peonil e a súa proposta é "en espazos públicos a non ocupación con veladores de máis do 50% da súa superficie". Fíxese, se non delimitamos o uso do espazo público con uso peonil, teremos outros elementos dentro do espazo que compatibilizan espazo público, é dicir, unha calzada por onde transitan os vehículos e os ciclistas é espazo público, sen a coletilla de uso peonil, nalgúns espazos poderíamos ter 50% veladores e 50% coches, entón eu creo que esa emenda non esta debidamente pensada e creo que á parte contradice a filosofía que vostede expón.

Sobre o tema das estufas, podo entender os argumentos, os podo entender, e pode ser unha cuestión que teñamos que revisar, pero cremos que ese tipo de decisións deben ser tomadas por administracións que teñan competencias e que regulen, dunha vez por todas, esa cuestión e nós cando así sexa esperaremos e o adaptaremos á normativa local.

E sobre o tema dos horarios, sobre o tema dos horarios é curioso porque Pontevedra hoxe, e teño que dicir que a miña experiencia regulando este tema, é un exemplo de convivencia e é un exemplo de convivencia entre veciños e hostaleiros e cando me reunín con ambos sectores teño que dicir que ambos foron o suficientemente xenerosos para ceder nalgunhas cuestións. Plantexamos todo tipo de alternativas, dende horario diferenciado entre algúns meses, plantexamos reducións, plantexamos ampliación e, ao final, decidimos recoller a proposta que facían os e as veciñas, foi a proposta que entendemos que era máis acida, pero é que á parte para nós, e sempre o dixemos, a hostalería non é un sector menor na cidade, e acordamos tanto con veciños e con hostalería, ampliar o tema do horario en datas puntuais, garantindo que nas épocas nas que máis presión de visitantes teñamos, por certo seguimos batendo récords co turismo e sabemos que boa parte diso é o ambiente creado polas terrazas da nosa cidade, por iso decidimos facer esa especie de permiso para ampliación de horarios sempre que se cumpran as condicións.

E logo unha cuestión e unha reflexión final, permítanme, sen ningunha maldade. Eu creo que hai dúas formas de facer política, ti podes dicir que queres facer unha política participada, consensuada e demais e logo podes utilizar argumentos ambivalentes, é dicir, quero unha ordenanza participada e se a ordenanza é participada entón a quería rápida; ou quero unha ordenanza rápida e se a ordenanza é rápida des-



pois non é participada; en todo caso, nós preferimos facer política do primeiro xeito, porque o demais sempre pensei que en vez de facer políticas ao mellor son ganas de liala ou de enredar.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sra. Gulías.

Sr. Rei Núñez, ten a palabra.

O Sr. Rei Núñez: Ben, entendo que a Sra. Gulías e o seu grupo non lle gustaron as emendas que presentamos a esta ordenanza.

En todo caso, é evidente que se está consagrando a zona monumental como parque temático da hostalería, podemos preguntarnos se iso foi, se é e se será beneficioso para a zona.

En 2000, no ano 2000, o primeiro ano deste Alcalde o censo de residentes na zona monumental era de 2.532, en 2017, o ano pasado, en cambio, baixou a 1.995, ou sexa dá unha perda total do 21% dos residentes, ou o que é o mesmo entre 30 e 40 residentes cada ano, é dicir entre 2000 e 2017 perdemos máis de 500 residentes na zona monumental, onde agora quedan menos de 2.000, se non estamos ante un proceso de xentrificación estamos ante algo que se lle parece bastante.

En termos de poboación non resultou moi beneficioso para a zona monumental convertela nun parque temático da hostalería. Podíamos preguntarnos se iso foi beneficioso para a economía e para o emprego da cidade, e este mesmo mes soubemos que subíamos a 6.637 desempregados, que son trescentos e pico máis que o mes pasado e que a taxa de pago no Concello é do 19,5% case duplicando a de Santiago que é do 10,1%, e nos converte en líderes de desemprego en Galicia.

Polo tanto, parece que apostar todo ao sector servicios e ao lecer non rentaría demasiado para a cidade, paga a pena buscar un punto de equilibrio entre os lexítimos intereses dos hostaleiros e os dos veciños e de aí as nosas emendas, para evitarmos a privatización dos espazos públicos garantindo a rapidez en posibles situacións de emerxencia, para respectarmos o ambiente e a saúde da combustión de gas que emite CO₂ e prexudica á saúde e para garantir o dereito ao descanso dos veciños.

Sobre as interlocucións que houbo en todo este proceso, falou-se coas directivas das federacións de asociacións de veciños pero aquí tamén vimos como, nun momento dado, se invocou a interlocución coa asociación de veciños de Monte Porreiro para a instalación dos composteiros comunitarios e, nun momento posterior, se dixo que faiara esa interlocución porque era bo escoitar a todos os veciños no seu conxunto e non só a través de encontros con eles como os que ás veces fan con veciños dalgúns barrios da cidade.

Sobre a cronoloxía, non é certo que dispuxésemos disto desde hai catro meses, o 6 de decembro a Secretaría da Alcaldía remitiunos o borrador, o 19 de decembro a comisión tomou coñecemento dese borrador, o 26 de xaneiro emitiu informe a Asesoría Xurídica, o 1 de febreiro, deste mesmo mes, emitiu informe o Director Xeral de Urbanismo, faltaba cando tivemos o borrador inicial, faltaba o anexo, que establece temas como as alturas, como as medidas, como os sistemas de climatización e o 6 de febreiro que foi este martes, ditaminou a comisión onde anunciamos as emendas e hoxe formulámolas aquí no pleno coa intención de que se voten.

En total estamos falando de dous meses e, de todas maneiras, non estaría demais ver un chisquiño, un momento, como predicán vostedes co exemplo, e podo recordar que este pleno aprobou, a proposta de Marea Pontevedra e por unanimidade, o 21 de xaneiro de 2017, máis dun ano, a redacción dunha ordenanza de protección animal, pasou máis dun ano e non hai ningunha xestión emprendida nese sentido dende o grupo de goberno que é quen ten capacidade para darlle instrucións aos técnicos e facer efectivo o acordo.

Algo similar ocorre coa ordenanza da renda social, houbo cartos para poder implantar a renda social no Concello dende maio de 2017 pero daquela faltaba o amparo normativo en forma de ordenanza e máis dun ano despois de adquiriren vostedes eses compromiso, renovado hai dous meses co orzamento de 2018, seguemos en tela.

O mesmo ocorre coa integración de Pontevedra no plan de transporte metropolitano de Galicia comprometida o ano pasado, e de novo este, e non se lles coñece nin a máis mínima xestión ao respecto, eu creo que estamos tendo bastante paciencia.

Non se nos pode negar o ánimo de apoiar esta ordenanza e por iso propoñemos algunhas cuestións que permiten equilibrar mellor os distintos usos dos espazos públicos de Pontevedra.

En todo caso, tamén xa para rematar, son vostedes os campións de tomamos nota, estámolo vendo, pois ben, nós tamén estivémolo vendo ata esta semana que foi cando consideramos oportuno formular unhas emendas que van na dirección de manter un mellor equilibrio entre o uso dos espazos públicos, se prefiren que prevaleza o interese da hostalería bueno pois é cousa súa, nós estamos pola non privatización abusiva dos espazos públicos por respecto ao ambiente e á saúde e polo dereito ao descanso dos veciños e veciñas afectados pola actividade que desenvolven este tipo de establecementos.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Rei Núñez.

Sra. Gulías, ten a palabra.

A Sra. Gulías Torreiro: Si que lle fan falta excusas para non votar a favor, porque foron unhas cantas.

Esta ben, eu pensei que íamos a falar do contido das súas emendas que é o que nós preparamos para contestar porque estábamos pendentes de discutilas, vexo que a argumentación vai por outros derroteros.

Mire, eu creo que ten vostede un problema de comprensión do modelo, da polivalencia, e do modelo de Pontevedra, non pasa nada Sr. Rei, nós tamén iremos despacito ata que atopemos ou ata que cheguemos a consensuar entre todos un modelo.

Rematado o debate, sométese a votación a emenda presentada polo grupo municipal Marea Pontevedra, sendo so seu resultado:

- En contra: 23 (12 BNG; 7 PP; 3 PSdeG-PSOE; 1 Mixto-C's).

- A favor: 2 (2 Ma.Po).



Seguidamente, sometese a votación o proxecto de acordo, sendo so seu resultado:

- En contra: 2 (Ma.Po).
- Abstención: 7 (PP).
- A favor: 16 (12 BNG; 3 PSdeG-PSOE; e 1 Mixto-C's).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a emenda presentada polo grupo municipal Ma.Po, e de conformidade co ditame da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á 1ª Modificación da Ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública, que fora aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 31/07/1997 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 180, do 18/09/1997, cuxo texto íntegro está incorporado como anexo á proposta da Dirección Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 01.02.2018.

Segundo.- Dispoñer, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, que a modificación da Ordenanza aprobada inicialmente sexa sometida a información pública e audiencia ás persoas e entidades interesadas, polo período de trinta días hábiles, a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica www.sede.pontevedra.gal.

Así mesmo, e consonte co art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), inmediatamente aprobado o proxecto de modificación publicarase o seu texto, así coma os informes emitidos na amentada sede electrónica do Concello, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións anteriormente exposto.

Nos anuncios de exposición pública deberá facerse constar a citada publicación a efectos da súa consulta, sen prexuízo da do expediente no seu conxunto, de así instarse.

Asemade que se efectúa a exposición pública, procederase a comunicar o acordo ás persoas interesadas, asociacións e organizacións legalmente recoñecidas que sexan representativas dos intereses afectados, enumeradas no expositivo.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a modificación á que se lle presta aprobación inicial, no suposto de que non se presenten reclamacións e suxestións no devandito prazo.

Cuarto.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial de non se formular alegacións, procederase á publicación do texto íntegro da Ordenanza modificada no "Boletín Oficial" da provincia, sen que entre en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación, de conformidade co previsto no art. 70.2 da LBRL e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo corpo legal.

Así mesmo, segundo o art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4), procederase á publicación do seu texto na sede electrónica municipal.

3.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PONTE MEDIEVAL DE PONTE SAMPAIO E A ESTRADA AUTONÓMICA PO-264.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupo municipal do PP), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 06.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, é do teor literal seguinte:

“1. A ponte medieval de Ponte Sampaio é un ben cultural de grande valor histórico-artístico. Lugar de paso dos camiños históricos que unen o norte de Portugal con Compostela, foi escenario da famosa batalla da guerra contra os franceses e de moitos outros acontecementos ao longo dos tempos. Como outras moitas pontes, ten tamén asociado un rico patrimonio inmaterial.

Na actualidade, a ponte cumpre a función de infraestrutura de comunicación entre Ponte Sampaio e Arcade, tanto para peóns como para automóbiles. E diariamente é atravesada por un elevado número de peregrinos que percorren o Camiño Portugués a Compostela, constituíndo un dos principais fitos desta rota pola beleza do conxunto formado polo río e a ponte.

2. A ponte medieval e a súa contorna teñen diversas carencias que é preciso corrixir:

- Necesidade de realización de traballos de conservación, mantemento e limpeza do conxunto, co obxecto de mellorar a súa imaxe.
- Alumeado anticuado e insuficiente, que sería preciso renovar.
- Proliferación de postes, paneis, placas e outro mobiliario urbano que distorsiona a harmonía do monumento.
- Estado de abandono do monumento conmemorativo do arranxo do camiño real entre Santiago e Ponte Sampaio, obra promovida polo arcebispo Malvar a comezos do século XIX.
- Necesidade de mellora da sinalización para previr os habituais accidentes de vehículos que danan os petrós.

3. A ponte forma parte do trazado da estrada PO-264, vial autonómico que atravesa os núcleos urbanos de Ponte Sampaio e Arcade, polo que a súa conservación, mantemento e reforma é competencia da Xunta de Galiza. No paso desta estrada polo núcleo urbano de Ponte Sampaio existen numerosas deficiencias en materia de seguranza viaria, accesibilidade e mobilidade peonil, polo que resulta necesario que a administración autonómica desenvolva unha actuación integral de mellora que contemple, por unha parte, o treito comprendido entre o centro de saúde e a ponte medieval, e, por outra, o treito entre o centro de saúde e o cemiterio. Como exemplo do deficiente estado do vial pódese salientar a ausencia de pasos de peóns, a deficiente sinalización, a ausencia de beirarrúas nalgúns treitos, a existencia de beirarrúas que non cumpren a normativa vixente, e a abundancia de barreiras arquitectónicas.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o debate e aprobación polo Pleno da Corporación:

O Pleno de concello de Pontevedra insta á Xunta de Galiza a

1. Elaborar e executar, no presente ano 2018, en colaboración cos concellos de Pontevedra e Soutomaior, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio.



2. Elaborar un proxecto integral de mellora da estrada PO-264 entre o cemiterio e a ponte medieval de Ponte Sampaio. Neste proxecto priorizaranse as actuacións encamiñadas a mellorar a seguranza viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Xosé Luís Bará Torres, concelleiro do grupo municipal do BNG.

O Sr. Bará Torres: Grazas, Sr. Alcalde.

Este tema xa foi debatido, polo menos parcialmente, neste pleno noutras ocasión e concretamente o 30.11.2015 por unha iniciativa similar, en parte, do grupo socialista que foi aprobada por unanimidade, e que se refería precisamente a cuestións de conservación e mantemento da ponte medieval, estudo do restablecemento de dúas construcións de pedra, e medidas de protección e conservación.

Dende aquela pasaron máis de dous anos, non tivo moito éxito esta proposta, queremos retomala e dándolle un alcance máis amplo porque tamén propoñemos actuacións na estrada 264, autonómica, que ten aproximadamente dous quilómetros entre Paredes e Ponte Sampaio, no termo municipal de Pontevedra, na parroquia de Ponte Sampaio.

E isto ven a raíz dunhas demandas veciñais ao respecto da seguranza viaria, deficiente nesta estrada, e que deu pé a un informe moi completo da Policía Local.

Ben, con respecto á ponte medieval, creo que todos estamos de acordo e así se plasmou nese acordo unánime do pleno e na necesidade dunha maior protección, conservación, mellora; é un monumento que ten altísimos valores históricos, artísticos, culturais, de simbolismo tamén, ten un atractivo turístico evidente, é lugar do paso do camiño portugués e ten tamén serios e graves problemas en canto á mobilidade porque foi unha infraestrutura que non se pensou para o tráfico rodado cando se construíu, loxicamente e agora, tendo en conta ademais a influencia masiva nalgúns épocas do ano de peregrinos no camiño portugués e da propia veciñanza que se ten que trasladar a pé entre Ponte Sampaio e Arcade pois hai habitualmente problemas e conflitos co tráfico rodado na ponte. Entón, habería que abordar tamén a cuestión da mobilidade na propia ponte e tamén esas melloras globais de conservación, de iluminación, de sinalización e tamén de actuacións sobre o monumento conmemorativo que no acordo anterior non estaba contemplado e que, desde o Concello, temos o máximo interese en poder, mesmo o Concello está disposto a facelo, temos xa un anteproxecto, facer unha restauración dese monumento, estudar a súa reubicación a un lugar máis visíbel e máis destacado, onde estivo ademais no pasado, e pesamos que ademais que estas actuacións deberíanse acordar e quen debería liderar este proxecto de actuación debería ser a Xunta de Galicia por ser titular da vía, aínda que desde o Concello de Pontevedra e supoño que tamén dende o de Soutomaior, haberá a mellor disposición para colaborar nesta actuación.

Lamentamos que no parlamento galego non se chegaran a acordos nese sentido pero pensamos que se poden retomar os acordos neste pleno e intentar falar coa Xunta e chegar a acordos nesta dirección.

Como dicía, o tema da ponte está integrado nun ámbito máis amplo que é o da estrada autonómica, que segundo o estudio feito pola Policía Local ten graves deficiencias en materia de accesibilidade, de seguranza viaria, principalmente por cuestións de velocidade, fixéronse pois estudos de velocidade que demostran isto e tamén hai

problemas en puntos concretos, fundamentalmente en puntos onde é máis dificultosa a mobilidade peonil, estoume a referir na contorna da ponte medieval, nese primeiro treito do camiño portugués, na contorna do centro de saúde e tamén na contorna do cemiterio porque son lugares que xeran moitísima mobilidade peonil e que hai dificultades para o acceso e para a seguranza viaria.

Entón esta proposta da Policía Local, que se lle vai trasladar á Xunta, pensamos que sería bo que fose reforzada tamén polo acordo plenario, fala de medidas de limitación de velocidade, delimitando tres zonas diferenciadas, zona de 50 quilómetros por hora; zona de 30 quilómetros por hora, nestes puntos máis específicos; e mesmo unha proposta que nos parece moi avanzada e que podería dar pé á solución dos problemas que hai na ponte, de inversión de prioridade no propio ámbito da ponte, declarándoa como zona 20 con prioridade peonil; fíxense que a maior parte dos problemas que se producen no paso pola ponte son golpes que lle dan os coches aos peóns pola estreitez da ponte e porque a veces van grupos de persoas, á parte tamén da cuestión dos accidentes que hai no inicio da ponte porque hai unha pedra situada na vía na que golpean a veces sobre todo vehículos máis grandes e que deu lugar tamén a que caeran ao río varias veces pedras do pretil da ponte.

Entón, o que se plantexa son a limitación de velocidade, tamén medidas de clamado de tráfico coa elevación dos pasos de peóns, con creación de plataforma nas interseccións e tamén con novos pasos de peóns, fundamentalmente no entorno do cemiterio do centro de saúde e tamén da propia ponte; a creación de beirarrúas seguras e accesibles, hai que ter en conta que nos dous quilómetros que ten a estrada só en trescentos metros hai beirarrúas e son claramente insuficientes e deficientes e non cumpren a normativa de accesibilidade; e tamén se propoñen zonas de estacionamento reservado, principalmente no ámbito do centro de saúde porque neste momento non hai prazas reservadas para vehículos de persoas con discapacidade, nin para vehículos de emerxencias, nin parada temporal para poder facer unha xestión no propio centro de saúde.

Polo tanto, parécenos que é unha proposta moi razoable, no acordo o que se di é elaborar un proxecto integral de actuación entre o cemiterio e a ponte medieval de Ponte Sampaio, priorizando medidas de mellora da seguranza viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil. É dicir que non nos vale unha desas actuacións parciais que está facendo a Xunta agora dese plan de sendas que non abordan, na totalidade, os problemas de seguranza viaria e accesibilidade e tamén a propostas, que no fondo é semellante ao acordo anterior, ao respecto da ponte.

Con respecto a emenda do Partido Popular, sabemos que o Sr. Moreira estivo onte alí de visita; estas iniciativas do BNG teñen este efecto tamén positivo que fan que o Sr. Moreira visite un pouco estas parroquias e concretamente Ponte Sampaio, parécenos que é unha emenda pouco traballada, é dicir, non negamos a necesidade de abordar estas cuestións de estacionamento pero creo que non toca agora, porque ademais tal como está redactada a emenda implica modificar o plan xeral ou polo menos estudar modificacións do plan xeral, polo tanto necesitaría un estudio máis demorado, non imos a aceptala, polo tanto pedimos o posicionamento sobre eses dous puntos da moción presentada polo BNG.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Bará Torres.

Seguidamente, en representación do grupo municipal Ma.Po, intervén a concelleira



dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas, bo día.

A ponte medieval de Ponte Sampaio ten un gran valor histórico e, a día de hoxe, a mantemos en pé grazas ás modificacións, ao mantemento e á reconstrución que se foi facendo dela ao longo destes séculos. A parte dese gran valor histórico é unha vía de comunicación por onde circulan vehículos e, sobre todo, un importante número de peóns; veciñas e veciños, peregrinos que realizan o camiño de Santiago, ciclistas e podemos comprobar o perigo que supón cada día transitar durante ese treito sen apenas beirarrúas.

Fóra de competencias ou non competencias, aquí o importante é a disposición para elaborar e, sobre todo, executar un proxecto sobre estes espazos, que redunde no benestar de todas e todos. Marea Pontevedra vai a apoiar esta moción.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Moreira.

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, intervén o concelleiro don Iván Puentes Rivera.

O Sr. Puentes Rivera: Moitas grazas, Sr. Alcalde, bo día a todos e a todas.

O Partido Socialista vai votar tamén a favor da moción, efectivamente como dicía o portavoz do grupo municipal do BNG, este grupo hai dous anos, dous anos e algo xa, trouxo a este pleno unha moción instando á Xunta de Galicia a reparar a ponte, en primeiro lugar a rehabilitala e, en segundo lugar, a repoñer elementos que foran desaparecendo ao longo do tempo polo abandono no que está; e, en terceiro lugar, ademais a poñela en valor, cunha nova iluminación e dotando, en definitiva, de novos elementos que permitan protexer e sacar partido tamén, dende o punto de vista turístico e desde o punto de vista cultural a unha infraestrutura senlleira para o noso Concello pero que ten unha importancia capital na historia política de Galicia.

Polo tanto, o que vimos desde aquela, a pesar de que a Corporación aprobou por unanimidade esta moción, é que a Xunta de Galicia como habitualmente fai, fixo oídos xordos á vontade do Concello de Pontevedra e deste pleno, non fixo absolutamente nada en dous anos e hoxe a ponte aínda está peor do que estaba cando aquela moción veu ao pleno.

Ademais de todo o referido á propia estrutura da ponte, os veciños e veciñas de Ponte Sampaio padecen, tamén como xa queda dito, a perigosidade de transitar por riba desta infraestrutura e, polo tanto, se eran urxentes estas medidas hai dous anos, hoxe son aínda máis urxentes.

Polo tanto, en coherencia con ese voto e en coherencia co pedido a instancia nosa á Xunta de Galicia hai dous anos, reiteraremos o apoio a estas intervencións e votaremos a favor da moción que presenta hoxe o BNG.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Puentes.

De seguido, intervén don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do PP.

O **Sr. Moreira Ferro**: Gracias, Sr. Presidente. Muy buenos días. Como sigamos así voy a tener que venir aquí con gafas de sol porque creo que la iluminación es un poco exagerada. Voy a echarme crema protectora.

Sr. Bará, seguramente hay cosas que los que están aquí seguramente no conozcan pero que usted y yo las conocemos. Efectivamente esta propuesta fue llevada por usted al parlamento de Galicia y no hubo un acuerdo pero no hubo un acuerdo por el siguiente motivo, porque usted pedía que simplemente fuera la administración autonómica la que hiciera el proyecto y nosotros planteamos una enmienda, estaba yo no se si se acuerda, en la que pedíamos que el proyecto se hiciera conjuntamente con los ayuntamientos de Soutomaior y Pontevedra, y ustedes la rechazaron y por eso no hubo acuerdo. Vero que ha rectificado porque ahora ya en la propuesta que trae al Ayuntamiento ya pide que se plantee en colaboración con los concellos de Pontevedra e Soutomaior, me alegro, hoy si que podemos llegar a un acuerdo y por eso aprovechar la ocasión para aclarar lo que usted no aclara y, desde ese punto de vista, estamos de acuerdo con que hay que hacer una actuación en Ponte Sampaio.

En cuanto a la infraestructura, nosotros nos hemos interesado en cuanto al puente en si, se ha realizado en el año 2009 una inspección principal del puente, en la que se concluyó por los técnicos que su estado de conservación era aceptable y que no presentaba ningún problema estructural. Y la última, según las noticias que tenemos, data de mayo del año pasado y se extraen los mismos resultados .

En todo caso, estamos a favor de que se haga una actuación en ese puente, es difícil, es verdad que es muy difícil la convivencia porque es un puente muy estrecho y tiene que convivir el tráfico de ambos sentidos con los peatones, la solución no es fácil pero habrá que estudiar alguna solución, a lo mejor hay que plantear que se instalen semáforos para marcar turnos de paso, no se cual es la solución adecuada pero evidentemente coincidimos en que ahí hay que hacer alguna actuación; pero, hombre, también creo que el Ayuntamiento tiene deberes aquí que no está haciendo; la iluminación, sabe usted perfectamente, que es competencia municipal no vamos entrar otra vez en el meollo ese porque ya hemos visto lo que pasó con el puente de la Barca, al final acabaron reconociendo que la iluminación es cosa suya y la iluminación endeble que hay en ese puente pues es competencia suya, la verdad es que ahí parece que hay velas más que iluminación pública.

Y es verdad que si comparamos un ayuntamiento y otro vemos que hay otros que hacen los deberes, el Concello de Soutomaior todas las semanas procede a la limpieza de la mitad del puente, la que está más próxima a su Ayuntamiento y, una vez al año, coincidiendo además con las fiestas de Ponte Sampaio limpian los contrafuertes del puente y hacen labores de mantenimiento que contribuyen, sin duda alguna, a su conservación estética. El de Pontevedra ni está ni se le espera, me extraña que los vecinos de Ponte Sampaio cada vez se sientan más vinculados con Soutomaior que con Pontevedra, pero eso es porque ustedes los tienen medio olvidados.

Luego nos habla usted de un informe de la Policía Local que trae una serie de datos, a mi me gustaría poder conocer estos datos, usted habla aquí de que hay golpes hacia los peatones, golpes en la entrada del puente, efectivamente es un sitio que me consta, pero era bueno que trajera usted aquí estadísticas, datos concretos, para poder en función de esos datos tomar una decisión sobre que actuaciones hay que llevar a cabo; usted no los desvela, simplemente los suelta al aire diciendo que hay muchas estadísticas, que hay muchos datos pero no los concreta.



Hay otra cuestión en la que usted, parece que no va con ustedes, con el gobierno local, y es la cuestión del aparcamiento. Yo creo que aquí hay que pedirle deberes a la Xunta de Galicia, hay que pedir la involucración del Ayuntamiento de Soutomaior pero también del Ayuntamiento de Pontevedra y, por ejemplo, en el cementerio pues no hay sitio donde aparcar en las proximidades; en la iglesia no hay sitio donde aparcar en las proximidades, de ahí nuestra enmienda, es decir, vamos a hacer una actuación integral pero si ustedes quieren hacer una actuación que suponga establecer aceras, eso va a significar que los arceles en muchos sitios no sean practicables, que los coches no puedan aparcar y hay que buscar una solución a todos esos vecinos que acuden al cementerio o a la iglesia y terreno hay, no me venga usted con las excusa de que el plan general es el que es porque en otros casos y ahora que recuerdo, por ejemplo, el de Pasarón, es zona verde lo que está delante y ustedes hicieron un parking, o sea cuando quieren hacen un parking.

Con lo cual, aquí lo que hace falta es gestión, pues mire pueden hablar con el Arzobispado que tiene un terreno maravilloso en los alrededores de la iglesia y que ceda un terreno para hacer un estacionamiento para los vecinos; y pueden buscar también terrenos alrededores al cementerio para buscar un aparcamiento. Creo que si salimos de aquí con una propuesta integral que contemple lo que ustedes piden pero también buscar soluciones de aparcamiento pues será un buen acuerdo para los vecinos de Ponte Sampaio.

Tenga usted también en cuenta que lo que está pidiendo da a entender también que las pocas plazas de estacionamiento que hay cerca del puente se van a eliminar, y usted ha analizado que hay vecinos allí que no tienen garaje y que no tienen donde meter el coche porque es una construcción muy abigarrada en aquella zona en la que no hay espacio, ¿qué van a hacer los vecinos? hay que dar alternativas y eso no se ha planteado, no diga usted que los va a mandar a aparcar allí delante del campo de fútbol porque los vecinos allí no quieren aparcarlo porque corren el riesgo de que al día siguiente el coche esté desvalijado.

Entonces, vamos a buscar alternativas concretas, le planteamos esta enmienda y esperamos salir de aquí con un acuerdo que sea bueno para los vecinos de Ponte Sampaio.

Nada más y muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Moreira.

Sr. Bará Torres, ten a palabra.

Yo no he hablado de endurecer absolutamente nada, creo, y desde el año 2015 lo que hemos defendido y mantenido es el cumplimiento íntegro y efectivo de las penas en determinados casos.

Y creo que le voy a tener que recordar, Sr. Martín, que efectivamente usted es funcionario de prisiones y no es penalista, y está haciendo afirmaciones que entiendo que no tienen valor alguno salvo especular o buscar un titular.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey Martínez.

Algunha outra intervención?. Non hai máis intervencións.

Sr. Martín González, para cerrar o debate.

O Sr. Martín González: Simplemente, para ser funcionarios de prisiones hay que estudiar derecho penal, Sra. Rey, entonces algunos conocimientos, no soy penalista porque no me dedico a la abogacía penalista pero el Código Penal en parte lo conozco.

Y otra cosa, me preparo los temas no como usted. Segundo, decirle que endurecer lo que usted ha dicho, el acceso al tercer grado, si usted dice que no sale en 15 años, cumplimiento íntegro de lo que usted habla, le han informado mal, porque no saldría ni siquiera en permiso de salida, los permisos de salida son recompensas penitenciarias para reinsertarse, son preparación para la vida en libertad y pueden ser desde un día o dos días hasta siete días el máximo de cumplimiento; si usted endurece el acceso al tercer grado y no permite que hasta los 15 años, está yendo contra la

norma, claro.

En cuanto a levantar la mano, lo que digo es verdad, ustedes en el 2015 votaron con el Partido Socialista derogar la ley, en el año 2016 se abstuvieron y ahora ya quieren ser más duros y más papistas que el Papa, esa es la realidad.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo so seu resultado:

- En contra: 18 (12 BNG; 3 PSdeG-PSOE; 2 Ma.Po; 1 Mixto-C's).
- A favor: 7 (PP).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición presentada polo grupo municipal do PP en apoio e defensa da prisión permanente revisable.

5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES EN MATERIA DE CONTRATACIÓNS PÚBLICAS.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupo municipal do BNG), da Comisión de Economía e Facenda, de data 02.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do PSdeGPSOE, é do teor literal seguinte:

“Para alcanzar o propósito de facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres e erradicar a discriminación por razón de sexo, non basta unicamente co compromiso dos organismos públicos, senón que resulta necesaria a súa promoción no ámbito das relacións da Administración e os e as particulares.

En materia de contratación pública é necesario, por iso, introducir cláusulas sociais relativas á igualdade de xénero. No marco estatal, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes permite a todas Administracións públicas (tamén as municipais e autonómicas) que, a través dos seus órganos de contratación, poidan establecer condicións especiais de execución dos contratos que celebren, co fin de promover a igualdade de xénero no mercado de traballo (art 33).

Mesmo, os contratos da propia Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos deberán incluír, entre as súas condicións de execución, medidas tendentes a promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes no mercado de traballo (art. 34 Lei 3/2007). A través da consecución de obxectivos sociais na contratación pública lograrase promover a igualdade efectiva entre homes e mulleres por parte da Administración.

O Concello de Pontevedra, como suxeito contratante, deberá esixir ás entidades privadas que promovan de forma real a igualdade de xénero. Esta será o mellor xeito de contribuír a unha efectiva igualdade entre homes e mulleres.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta, para o seu debate no Pleno , a seguinte Proposición:

O Pleno Municipal insta ao Alcalde a



- Que no ámbito das súas competencias en materia de contratación, inclúa na cláusula relativa ás obrigacións laborais, sociais e ambientais, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, a obrigación por parte do contratista do cumprimento da normativa vixente en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a dona Paloma Castro Rey, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A Sra. Castro Rey: Bo día.

Non vou reproducir o contido da moción, simplemente vou a recalcar aquí, e brevemente, que por desgracia aún nos queda un longo camiño para poder alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres, pero para poder percorrelo é necesario que a clase política involúcrese non só de forma teórica se non tamén de forma efectiva con todos os medios que estean na súa man.

Tras as vergoñentas declaracións do noso Presidente do Goberno fai uns días, en relación á igualdade salarial, manifestando que é un tema que compete unicamente ao ámbito privado das empresas e que os políticos non nos debemos meter, os políticos que nos consideramos de esquerdas e que realmente cremos na igualdade, debemos reaccionar a isto non só criticando, se non tamén con medidas que nos desmarquen destas palabras.

E por iso polo que presentamos neste momento a moción, porque somos conscientes de que en Pontevedra as mulleres cobran 4.700 euros menos que os homes e a brecha salarial ascende ao 25%. Como non podemos ser partícipes desta desigualdade, e dentro das competencias que un goberno local pode asumir, cremos que esta moción é un exemplo de loita e de apoio a todas esas mulleres que están sufrindo esta discriminación.

É por iso que solicitamos que o goberno local inclúa nos pregos dos contratos que realice con empresas privadas, a obriga por parte do contratista do cumprimento da normativa vixente en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes, conforme ao que establece a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Castro Rey.

Seguidamente, concede o uso da palabra á portavoz do grupo municipal Mixto-C's, dona María José Rey Martínez.

A Sra. Rey Martínez: A mi no me cabe ninguna duda de que el Concello está involucrado en lograr la igualdad efectiva entre hombres y mujeres, pero está muy bien traer este tema al pleno y dar voz a un problema real y que hay que atajar en este momento y en cualquier momento, todos los momentos son buenos para atajar las desigualdades.

Yo creo que es necesaria mucha pedagogía en este tema y no podemos reducir la lucha por la igualdad a un mismo empleo un mismo sueldo porque el problema va mucho más allá, va de conciliación, va de corresponsabilidad, va de romper la relación negativa de sexos en las etapas formativas, va de discriminación por materni-

dad, va de una realidade que existe y que se puede mejorar. Vamos dando pasos y eso es importante.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas.

A continuación, en representación do grupo municipal Ma.Po, intervén a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

A lexislación sobre os contratos do sector público deixa aberto un número de fins de carácter público, entre eles a igualdade de xénero, que se poderían incluír nos pregos das cláusulas administrativas para impulsar a contratación de mulleres, cumprindo así a igualdade de xénero no mercado de traballo que estipula a lei de Igualdade efectiva de mulleres e homes.

Nos datos do paro rexistrados, publicado polo Instituto Galego de Estatística e filtrado por sexo no Concello de Pontevedra, de xaneiro deste mesmo ano, figura que 6.337 persoas, 2.703 son homes e 3.634 son mulleres, a diferenza é importante, un 42 fronte a un 57 por cen, entón debemos reflexionar que é o que vai mal para que exista un 15% máis de diferenza entre homes e mulleres.

En este caso non estamos a falar de cuestións que tamén afectan como son a brecha salarial de que se falaba agora, as parcialidades dos contratos de traballo.

Estamos de acordo con que esta fórmula será unha boa maneira para contribuír coa igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Moreira.

De seguido, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén a concelleira dona María José Rodríguez Teso.

A Sra. Rodríguez Teso: Moitas grazas, Sr. Alcalde. Bo día a todas e a todos.

Os señores do PSOE fan referencia á lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, nos xa adiantamos que vamos a votar a favor desta moción porque consideramos que e máis que necesario, aínda que se supón que as empresas xa teñen que estar cumprindo ca lei, suponse, e que o Concello ademais estará vixiante en que así o fagan; pero nesa mesma lei, e chócame que neste caso o PSOE non fora máis ambicioso na súa petición, o artigo 35 fala tamén das subvencións públicas, as administracións públicas nos plans estratéxicos de subvencións que adopten, en exercicio das súas competencias, determinarán os ámbitos en que por razóns da existencia dunha situación de desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as bases reguladoras das correspondentes subvencións poidan incluír a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes. Esta moi ben esta petición pero sería un pouco para profundizar un pouco máis y ser máis ambiciosos.

De todos os xeitos, agora no mes de marzo vai saír tamén a lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, que aínda é máis estrita neste tipo de peti-



cións. Nós estamos convencidos, e así esperamos, de que o Concello vai a estar vi-xiante e vai solicitar das empresas que efectivamente todo isto se cumpra e nada máis, vamos votar a favor.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rodríguez Teso.

A continuación, intervén dona María do Carme Fouces Díaz, concelleira do grupo municipal do BNG.

A Sra. Fouces Díaz: Bo día, moitas grazas.

Parece que todas estamos na mesma liña, estamos de acordo nunha lei orgánica que á xa fai referencia, é a lei 2007, e desde esa data pois estase a aplicar como non pode ser de outra maneira e, ademais, a compañeira e os compañeiros do partido socialista tamén o saben xa que coincidimos gobernando conxuntamente en dous mandatos, tantos vostedes como nós cumprimos sobradamente, dentro das competencias municipais, como así se menciona na moción; o PSOE e o BNG temos diferencias políticas pero creo que neste punto hai máis coincidencias que diferencias, polo tanto nós imos votar a favor da moción porque entendemos que xa se está cumprindo e que se vai cumprindo tal como vai mandando a normativa e, no ámbito das subvencións, temos xa algúns avances feitos porque temos un apartado específico, no ámbito das subvencións, onde se apoia ás entidades que desenvolvan un traballo con perspectiva de xénero e con apoio ás mulleres en xeral, dentro do que é o campo das subvencións xerais.

Incidencias.- Auséntanse da sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e dona María Carmen Da Silva Méndez.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (23), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, acorda aprobar a proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a igualdade efectiva entre mulleres e homes en materia de contratacións públicas.

6.- PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDEG-PSOE; MAREA PONTEVEDRA; E MIXTO-CIUDADANOS RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IBI URBANO E Á BONIFICACIÓN DE FAMILIAS NUMEROSAS.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (en contra grupo municipal do BNG), da Comisión de Economía e Facenda, de data 02.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da proposición conxunta, é do teor literal seguinte:

“A previsión de ingresos do Concello de Pontevedra para o ano 2018 con cargo ao IBI Urbano ascende a 18.464.562 euros, polo que é unha das súas principais fontes de financiamento. A súa recadación está regulada en dúas normas municipais: a Ordenanza 27 Xeral de Xestión, Recadación e Inspección e a Ordenanza 22 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Co obxecto de facilitarlles o cumprimento das obrigas tributarias aos veciños de Pontevedra, e ao abeiro do artigo 10 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Ordenanza Xeral establece (no Artigo 32, Sistema especial de pago do IBI urbano en período voluntario) a posibilidade de fraccionar o pagamento en dous prazos.

Por outra banda, e co obxecto de axudar ás familias numerosas, a Ordenanza do IBI (artigo 4.4) recolle bonificacións na cota íntegra do inmovible de uso residencial onde estean empadroados os membros da unidade familiar, sempre que o seu valor catastral non supere os 40.000 euros. Esa bonificación queda no 10 por cento para as familias numerosas de categoría xeral, e chega ao 30 por cento para as familias numerosas de categoría especial.

A iniciativa de Marea Pontevedra, no pleno de xaneiro de 2018 debateuse unha proposición de cambios destas dúas ordenanzas que non prosperou. Agora, tras incorporar as achegas formuladas naquel pleno polos grupos de PSdeG-PSOE e Mixto-Ciudadanos, pola súa vez modificadas, estes tres grupos (MAREA PONTEVEDRA, PSdeG-PSOE e MIXTO-CIUDADANOS) presentan de xeito conxunto a seguinte

PROPOSICIÓN NORMATIVA:

1º. Instar a Xunta de Goberno Local a promover a modificación do artigo 32 da ORDENANZA 27 XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN e o formulario 865. Propóñense s seguintes cambios, sinalados en negriña:

No apartado 1, onde di “fraccionamento da débeda en 2 prazos”, pasará a dicir: “en 5 prazos”.

No apartado 2, c, dirá: “Formularase solicitude expresa antes do 1 de febreiro do exercicio que deba ter efecto no impreso que se estableza ao respecto”.

No apartado 4, dirá “O importe de cada fracción será do 20 por cento da cota líquida do recibo de IBI do exercicio en curso, tendo os catro primeiros o carácter de a conta. Aboarase, por domiciliación bancaria, nas seguintes datas ou inmediato hábil posterior: -primeira fracción: 5 de marzo; -segunda fracción: 5 de maio; -terceira fracción: 5 de xullo; -cuarta fracción: 5 de setembro; -quinta fracción: 5 de novembro, todos do mesmo exercicio en curso, sempre de acordo co calendario fiscal que se aprobe anualmente polo Concello de Pontevedra”.

No último parágrafo dese apartado, onde di, “afecta á 2ª fracción”, dirá “afecta á segunda fracción ou posteriores”.

2º. Instar a Xunta de Goberno Local a promover a modificación do artigo 4.4 da ORDENANZA FISCAL 22 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES nos seguintes termos, cos cambios sinalados en negriña:

Elevar a 45.000 euros o valor catastral do inmovible do uso residencial no que estean empadroados os membros da unidade familiar para a bonificación da cota íntegra.

Elevar a bonificación para os titulares de familia numerosa, de categoría xeral e especial sen facer distincións, e igualando os propietarios e os inquilinos de vivendas de Protección Oficial cando por contrato se vexan obrigados ao pagamento do IBI. A bonificación establecerase, en función do seguinte xeito:

Se os importes brutos dos membros da familia numerosa, no exercicio fiscal anterior fosen iguais ou inferiores a 6.360 euros, a bonificación será do 90 por cento.

Se os ingresos estivesen entre 6.360 e 8.130, a bonificación será do 50 por cento.



O ingreso bruto anual por membro calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade de convivencia entre o seu número de integrantes. No caso dalgún integrante cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, computarase como se fosen dúas persoas. No caso de que discapacidade estea entre o 33 e o 65 por cento, computarase como 1,5.”

O texto da emenda presentada polo grupo municipal do PP, é do teor literal seguinte: “engadir un terceiro punto: instar á Xunta de Goberno a promover a redución do 10% do imposto de bens inmobles”.

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Luís Rei Núñez, portavoz do grupo municipal Marea Pontevedra.

Incidencias.- Reincorpóranse á sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e dona María Carmen Da Silva Méndez.

O **Sr. Rei Núñez:** Ben, o pleno do mes pasado se debateu, a instancia do grupo de Marea Pontevedra, unha primeira versión desta proposición que agora se ve notablemente mellorada coas achegas do grupo de Ciudadanos e do grupo do PSOE. Vou defender esa proposición conxunta para este pleno de febreiro e sobre a emenda do Partido Popular que xa puido presentar na comisión correspondente falará a compañeira María Rey.

Volvémola a traer aquí porque é vontade dos tres grupos que asinamos lograr o apoio do pleno para que poida iniciar o percorrido administrativo que faga posible aplicala no exercicio de 2019, xa que para o deste ano non chegamos a tempo.

O Concello prevé recadar, en 2018, 18 millóns e medio de euro polo imposto de bens inmobles, urbano, correspondentes a preto de 70 mil recibos; páganse en outubro en pleno proceso de volta ao colexio para moitas familias e a ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección do Concello permite actualmente fraccionar ese pagamento en dous prazos. O caso é que iso debe resultar pouco atractivo para os veciños e só unha mínima parte de titulares opta voluntariamente por acollerse a esa posibilidade.

Coa nosa proposición normativa, queremos ampliar os pagos a cinco distribuídos ao longo do ano, de maneira que o pago para as familias que así o desexen non sexa tan grande e, por outra banda, a proposición normativa co obxecto de axudar ás familias numerosas que son algo máis de mil no Concello, con algo máis de 5.000 membros, propoñemos un cambio no artigo 4.4 da ordenanza fiscal do IBI. Agora prevé bonificacións sempre para inmobles de uso residencial, sempre que o seu valor catastral non supere os 40 mil euros e o importe desas bonificacións é do 10% para as familias numerosas de categoría xeral e do 30% para as de categoría especial.

Propoñemos subir o límite do valor catastral a 45 mil euros e ser máis xenerosos coas familias numerosas con una variable en función das súas rendas, nos casos en que os ingresos non superen os 6.360 euros por membro da unidade familiar, propoñemos unha bonificación do 90% que é a máxima que permite a lei, a Lei reguladora de bases de réxime local; e nos casos en que eses ingresos estean entre 6.360

e 8.130 euros por membro da familia, a bonificación sería do 50%. Para ingresos superiores a esa cantidade de 8.130 euros, en cambio xa non habería ningún tipo de bonificación.

Todo isto rexería exactamente igual para as familias numerosas que residen en réxime de aluguer en vivendas de protección oficial nas que por contrato lles corresponde a elas o pagamento da contribución.

Incidencias.- Auséntase da sesión o Sr. Alcalde, asumindo a presidencia a Tenente de Alcalde dona María Carmen da Silva Méndez.

A Sra. Presidenta: Grazas, Sr. Rei.

Se debate todo conxuntamente entendo eu. No debate das mocións anteriores tamén se estableceu así, o ponente intervén e despois os distintos grupos interveñen e o que teña unha emenda pois a defende nese momento.

Repito, grazas Sr. Rei. Sra. Rey se non quere intervir e non quere agotar este turno non hai ningún problema.

Seguidamente, concede o uso da palabra a don Rafael Domínguez Artime, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Domínguez Artime: Muchas gracias, buenos días.

Nos encontramos aquí para discutir una moción de tres grupos muy dispares que se han reunido y coordinado para hacer una propuesta sobre el IBI, que no les engañen la misión de la moción es unicamente la de conseguir en conjunto la relevancia que no consiguen por separado pues hasta ahora su función ha sido intrascendente.

Me alegra particularmente la comunicación, el intercambio de ideas y la presentación conjunta de mociones que existe en el grupo Ciudadanos y los nacionalistas de Marea, y estoy seguro que se repetirá a lo largo de toda la geografía española, incluso se dividen, uno presenta la moción y el otro discute la enmienda.

Bueno, como decía, los tres mosqueteros nos traen aquí una moción que nos parece adecuada pero carente de ambición, si se quiere cambiar un impuesto deberíamos aprovechar para bajarlo de forma significativa. La bajada sólo incluye a familias numerosas y a aquellas viviendas que presentan un valor catastral muy bajo.

Recuerdo haber preguntado si sabía a cuantas familias podía ayudar esta bajada y ningún grupo me supo contestar y eso que son tres grupos; a ver si hoy me pueden decir a cuántas familias va a afectar esta medida y cuantas van a bajar y en qué porcentaje van a bajar el impuesto.

Como decía, a nosotros nos parece escasa y por eso ya que vamos a tocar el IBI, pensamos en hacer una rebaja sustanciosa. El superávit es crónico en un concello que se caracteriza por incumplir sus propuestas y no llevar a cabo sus propias previsiones; estimamos incluso, en nuestras estimaciones, que el superávit de este año va a sobrepasar los dos millones de euros. Por lo tanto, nuestra bajada de impuestos que esta estimada en 1.800.000 euros, no tendría que afectar a ninguna inversión, el Concello podría seguir haciendo lo mismo sin que se viesen afectadas sus inversiones, con una reducción de un diez por ciento del IBI que nosotros proponemos.



El IBI urbano en Pontevedra, mejor dicho el coeficiente que aplica el Concello para hacer la factura o emitir la factura del IBI, es de 0,64, vamos a fijarnos un poco en nuestro entorno, Ourense, un IBI que acaba de bajar 0,54, diez puntos menos que Pontevedra; Coruña un IBI de 0,54, diez puntos menos que Pontevedra; Compostela 0,51, trece puntos menos que Pontevedra. Y ¿qué hacen los concellos del BNG de nuestro entorno?, pues lo bajan, lo han bajado recientemente los concellos de Poio o Bueu, a 0,47 en un caso, casi 20 puntos menos que Pontevedra, 0,45 casi 20 puntos menos que Pontevedra. ¿Por qué los pontevedreses tenemos que pagar más que A Coruña, Santiago, Ourense y por qué el BNG de Bueu y Poio lo bajan y el de Pontevedra no.

Otro aspecto de la moción que presentan, y con esto quiero terminar, es el fraccionar el IBI en cinco pagos, porque hasta ahora se puede hacer en dos. Lo hacen, según dicen, para ayudar a pagar; señores concejales, qué hay mejor que reducir el importe de la factura para ayudar a pagarlo; hay superávit crónico, un impuesto desproporcionadamente elevado y nuestra ciudad merece una bajada del IBI. Reduzcámoslo, muchas gracias.

Incidencias. - Reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde asumindo a presidencia.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sr. Domínguez.

A continuación, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o concelleiro don Raimundo González Carballo.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias. Bos días.

En todo caso xa o dixo un dos ponentes, bueno o único ponente que falou, que esta moción é a mesma do mes pasado, en todo caso solo se lle resta unha parte da emenda do PSOE, o resto é exactamente igual, por tanto é ganas de traer o tema aquí. Supoño que houbo unha ampla participación social para chegar a esta petición de incremento das bonificacións no IBI, como nos veladores e nesas cousas.

De todas maneiras, vamos a ver a min recórdame o dito popular de "predica o meu frade, predica o me pobre, que por un oído me entra e por outro me sae", non, pois isto é o mesmo, é dicir, xa se lles explicou que era inexecutable, segundo a Tesoureira municipal. E poño un exemplo que ven hoxe nos medios de comunicación, resulta que aínda está na Web do catastro a exposición o censo, e remítana ao Concello entre finais de febreiro e principios de marzo, explíquenme vostedes como se lle pode cobrar unha couta o 5 de marzo de un imposto que aínda non chegou ao Concello, é dicir que resulta que o Censo é digamos competencia do Catastro. Por tanto, simplemente é imposible, xa llo dixen no anterior pleno, pero iso impasibles, predica o meu frade, vamos.

Se lles dixo, é que necesaria a opinión dos técnicos; a única consulta que se lle fixo ao órgano de Tesouraría foi por parte de Ciudadanos para ver se era ilegal ou non a bonificación do 90% para familias numerosas, polo que me dixo a propia Tesoureira municipal, que non preguntara ninguén máis que Ciudadanos, polo tanto o autor da moción non preguntou nada polo que me informan a min, digo o que me informaron, non gravo.

En todo caso, despois hai problemas de redacción importantísimos que, en todo

caso, ese negrilla da segunda parte habería que quitar o termo propietarios, porque son os inquilinos de vivendas que lle obrigan a pagar por contrato, os propietarios xa non pagan, se paga o inquilino non paga o propietario, se hai un contrato hai dúas partes, contrato de arrendamento era aquel negocio xurídico bilateral e sinalagmático; nese negocio xurídico bilateral hai un propietario e hai un inquilino, se lle imputan ao inquilino ten que quedar libre do pago do IBI é o inquilino, o propietario xa non ten que pagar porque llo imputa ao inquilino por contrato. Entonces esas familias numerosas que viven de aluguer pois tamén habería que incluílas, pero solo o termo inquilinos, eu creo que o termo propietarios sobra pero son vostedes os autores da moción e, polo tanto, mírenos por si tal.

En definitiva, cal é o fin desta cuestión? O fin desta cuestión é intentar dicir vostedes son 12, xa o sabemos, sabémolo dende o inicio do mandato que nós somos 12 e, por tanto, vostedes son 13 e que vostedes son máis ca nós, entre os catro e xa o sabemos e non fai falta que nolo recorden, somos conscientes délo e esa é a finalidade desta cuestión, porque de que estamos a falar? como moi ben preguntaba o Sr. Domínguez, sen que sirva de precedente, cantos son? en concreto 40 os de familia numerosa, neste exercicio foron 40, ollo que diminuirán porque algúns van a sobrepasar a renda e se lles va a quitar, ou sexa, deixan de ter bonificación, loxicamente; entón estamos falando de 40, de cantos falamos se hai 70 mil recibos de IBI, de canto estamos falando de fraccionamento, neste momento, no ano 2017, foron 415 recibos, é dicir aproximadamente o 0,5% de todo o padrón.

Polo tanto, repercusión moi pouquiña, colectivos beneficiados moi pouquiños, en todo caso é empeñarse en dicir e que vostedes son 12 e nós somos 13, pois xa o sabemos e se quere firmámosllo tamén, esa é a cuestión.

Mire, eu volvo a facer o ofrecemento do outro día, cando llo levei que eu non puiden vir á comisión, lamento non poder vir porque pensaba que ía ser o luns e o venres pois non estaba e entón pois palabras textuais, é inexecutable, palabras textuais da Tesoureira con esta moción, vale, e serán eles quen teñan que opinar, para iso son os xefes do servizo, polo tanto se non se queren fiar deles non se fíen, aproben o que queiran, pero xa lle digo que é un imposible.

Con relación ao que dicía o portavoz do Partido Popular, vamos a ver, as cousas teñen unha complexidade un pelín maior do que vostede di, porque claro ao tipo impositivo hai que ver a base imponible e a base imponible é o valor catastral, se o valor catastral de Ourense é o dobre do de Pontevedra para que a cuota sexa a mesma teríamos que aplicar un tipo impositivo 50% inferior; e lle digo, no ranking tributario dos municipios españois capitais de provincia Pontevedra ocupa o posto 42 e Ourense o posto 29, por tanto o que pagan de IBI e moito máis, e é máis lle digo que pode que o ten na Web tamén, ver a liquidación do 2016, loxicamente, e pon alí a recadación, se vostede o divide por habitante sae como un 40% máis que Pontevedra ou máis, ou sexa que o IBI en Ourense é bastante máis caro.

Por exemplo, o IBI de Vigo que é o 0,88 é bastante máis alto que Pontevedra, vale, non figura nese ranking tributario pero figura no de Facenda, Vigo sería o 312 e Pontevedra sería o 2.561, quero dicir a nivel de todos os concellos do Estado.

En definitiva, non ten ningún sentido esta moción, é máis, onde gobernan non a aplican, con bo criterio.

Mire, Ourense, IBI dous pagos, un o 15 do 7 e outro o 15 do 10, goberna o Partido Popular; Santiago, gobernan, como di Jacobo Moreira, as Mareas de Podemos, 3 prazos, o 5 do 7, non se lle ocorre poñelo o 5 do 3 nin moito menos nin o 5 do 5 se



non o primeiro o 5 do 7, segundo o 5 do 9, terceiro o 5 do 11, curiosamente copian pero incrementan dous, pero solo tres; en Vigo, dous, o 31 do 5 e o 31 do 11; en Lugo, tamén dous, un o 5 do 6 e outro o 5 do 9, están representados todos. Obvio Coruña e xa llo dixen no anterior pleno, porque teñen un sistema especial de pago que llo permite o programa que teñen e incluso podes acumular por cuotas liñas ata seis e entonces que che cobren o mesmo, pero iso o tes unha ferramenta informática totalmente diferente, que non a ten ningún dos outros seis concellos da provincia, só o ten Coruña neste caso.

En todo caso, nese sentido é imposible e é inexecutable, por tanto voten ou teñan un detalle de sensatez e retiren a moción.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

De seguido, en representación do grupo municipal Mixto-Ciudadanos, intervén a súa Sra. Rey, ten a palabra.

A Sra. Rey Martínez: Sr. González, imposible sólo una opinión, se puede fraccionar en plazos sin ningún tipo de problema, lo único que tiene que hacer es modernizarse y prueba de ello es que se hace en otros ayuntamientos. Por cierto, en Valdecorbos hay familias que pudieron comprar y otras familias que alquilaron, consecuentemente conviven propietarios e inquilinos y ninguno de ellos, familias en exclusión social, pueden hacer frente al pago del IBI, por eso pedimos esa reducción y 40 familias numerosas en Pontevedra creo que va a ser que no, me parece que rondan las 1.800 si no me equivoco.

En cuanto a la enmienda del Partido Popular, el 5 de enero del 2018, leímos un titular que decía "el IBI subirá en 1.925 ayuntamientos, tras el nuevo catastrazo aprobado por el Ministro de Hacienda"; a mi que alguien me explique que política hacen ustedes, su ministro nos ha subido la cuota a los autónomos en un 4%, ha subido la cotización de desempleo, es decir seguimos pagando los de siempre y ustedes buscan una solución que es bajar el 10% del IBI en Pontevedra, igual al que tiene una pequeña casa o un pequeño piso que el que tiene una nave industrial, un pazo, cuatro bajos comerciales y ningún problema para llegar a fin de mes. Y sacamos 1,8 millones de euros de los presupuestos donde se benefician los de siempre a costa de los de siempre.

Y usted dice que puede sacarse del superávit, pues va a ser que no porque Montoro lo ha prohibido. Hagan ustedes una moción justa pidiendo esa bajada parta la clase media, que bastante hemos soportado ya y dejen de pedir para los de siempre, cuando basen su política en ayudar a la clase media, desde luego nos van a tener a su lado, cuando busquen titulares desde luego que no.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey.

Sr. Rei Núñez, ten a palabra.

O Sr. Rei Núñez: O portavoz neste asunto do Bloque Nacionalista Galego e do goberno está desviando un pouco a atención. É evidente que non lle gusta aumentar o fraccionamento do pago do IBI, iso é evidente, e tamén é evidente que non lle gusta aumentar a bonificación ás familias numerosas; e emprega como argumento un que

estamos afeitos a escoitalle aos gobernos do Partido Popular que é o de que algo que non gusta é inexecutable; é evidente que é inexecutable se non se quere executar pero que todo se pode resolver.

Sobre o superávit crónico do que falaba o portavoz do Partido Popular nesta materia, é que Pontevedra padece un importe elevado; evidentemente o PP o que trae aquí e o que reitera tamén é algo co que, algo que non fan nos lugares onde goberna porque son descoñecidas as rebaixas de impostos do Partido Popular. En todo caso, implica reducir os ingresos do Concello de Pontevedra nun 1.800.000 euros que é o que resulta de restarlle a 18 millóns o dez por cento, e propónse unha rebaixa universal independentemente da renda dos propietarios, do valor das vivendas, e mesmo do número delas de maneira que a mesma rebaixa para quen teña una, quen teña cinco, quen teña dez, quen teña vinte, ou quen acumule un patrimonio inmobiliario. Iso, evidentemente, desvirtúa a filosofía da nosa proposta que vai en beneficio dun dos grupos de persoas que máis o poden necesitar. Falamos de 1.000 familias censadas en Pontevedra, familias numerosas, e esta bonificación beneficia só á residencia habitual, só a propietarios ou inquilinos de vivendas de protección oficial que por contrato deban pagar o IBI e só cando o valor catastral é inferior a 45 mil euros, e só para familias que en ningún caso superen os 8 mil euros de ingresos por membro. Por tanto, o custo para o Concello é perfectamente asumible, está moi lonxe a anos luz desa redución universal que propón o Partido Popular, e como antes na comisión agora anunciamos que non aceptamos esa emenda e mantemos a nosa moción que é graduada, que é posible e que simplemente require da vocación de implementala de aquí a un ano que é un prazo suficientemente razoable para poder facelo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sr. Rei Núñez.

Sra. Castro Rey, ten a palabra.

A Sra. Castro Rey: Si, solo unha cousa, dicirlle ao concelleiro do BNG que eu antes de propor esta moción, este aspecto da mesma que incluíu o PSOE e informeime con Intervención sobre a viabilidade xurídica da mesma e, ademais, es que en Vigo estase a levar; e refírome ao tema das bonificacións que ademais, por outro lado, a Lei de bases de réxime local a permite dentro dun límite que é o 90% e aquí isto inclúese dentro deste límite.

A finalidade pretendida con esta moción? a finalidade que queremos é que dentro da obrigatoriedade de sostemento dos recursos municipais que teñen os cidadáns, cause o menos prexuízo posible sobre as familias que están nunha situación económica máis desvantaxosa.

Creemos ademais por outro lado que esta modificación non vai supoñer ningún agravio notorio ás arcas municipais pero por outro lado si que vai supoñer un desafogo a determinadas familias que atravesan unha mala situación económica; esa é a finalidade pretendida.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Castro Rey.

Sr. Domínguez, ten a palabra.

O Sr. Domínguez Artime: Muchas gracias, Sr. Alcalde.



La concejala de Ciudadanos hacía referencia a mi ministro, nuestro ministro. Nuestro ministro ha bajado el paro en más de 3 millones de personas; nuestro ministro ha cogido un país que era el mayor destructor de empleo de Europa y lo ha convertido en el país con mayor crecimiento neto, con más de 1 millón de trabajadores en el año pasado, por lo tanto algo habrá que agradecer a nuestro ministro, porque no hay mejor reducción de impuestos que tener un puesto de trabajo y no estar en el paro, eso es lo mejor.

Le agradezco también al Sr. González que me haya dado algún dato que ninguno de los otros tres grupos han sido capaces, cuando yo decía que esto era poco ambicioso es que esta reforma va a ser compleja de ejecutar, ya hemos visto que se habla de traer un nuevo sistema informático, que tiene un coste muy elevado, para ayudar a 40 familias, me parece bien pero me parece que es poco ambicioso.

Y en cuanto a la evolución o el valor del IBI si es caro o es barato, el valor catastral no lo decide el Concello de Pontevedra, que las viviendas en Pontevedra tengan un valor catastral más bajo solo significa que valen menos, lamentablemente, que las de Ourense, las de Madrid, las de Coruña o las de Santiago.

Para hablar de catastrazos hablamos de la subida del 10% que el Sr. González pidió que se mantuviese en una carta al gobierno de España, por lo tanto eso si que fue un catastrazo y una subida del 10% para todos.

Ya para terminar muy rápidamente, últimamente hemos oído cosas muy preocupantes por parte de los representantes públicas, recuerdo a una representante de Marea que decía algo así como que no creía en las vacunas y que no debía ser obligatorio que se vacunasen los niños, pero más cerca hemos oído también al Alcalde de nuestra ciudad decir y abro comillas "no hay relación directa entre la industria y la riqueza de una ciudad"; valor no le faltaba porque esto lo dijo en un foro de empresarios de la ciudad y yo creo que frases como esta pueden explicar que nuestra ciudad encabece y lidere el número de parados que hay en Pontevedra, somos el ranking de mayor paro de las grandes ciudades de Galicia, por lo tanto creo que eso debíamos aplicárnoslo. Sr. Alcalde, eso no se puede decir, ni siquiera se lo cree un comunista.

Y, debo decirle ya para terminar, que cada vez se parece usted más a Pontevedra porque últimamente anda con pocas luces y sin trabajar.

Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Domínguez.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Eu podo omitir, porque total para o caso que me fan, podería omitir perfectamente a miña intervención, porque vamos a ver se desta me explico por enésima vez, o Concello, calquera concello para cobrar o IBI depende de que cada ano, todos os anos, catastro lle mande o padrón do IBI, vale, mentres non nos manden o padrón onde figuran todas as propiedades nós non podemos emitir recibos, por tanto, como vamos a emitir recibos sobre un padrón que inda non nos chegou, misterio, es posible, chegaron a dicir aquí, es posible, pois non sei como, ao mellor un trotskista o sabería; quero dicir, hai iso e é inexecutable, falaron coa Tesouraría?, co órgano de Tesouraría, non, que o acaba de dicir pois a portavoz do

PSOE, faláron con intervención, pero quen leva estes asuntos é o órgano de Tesouraría.

Por último, dicir que hai moitas máis familias numerosas pero as que se acolleron neste momento ao mellor é porque é pouco, porque iso non o discuto porque ao mellor é moi poucoíño porque total por un dez igual renuncian a iso, non o creo, porque hai algún recibo de 30 euros e piden a bonificación do 10% que exactamente son 5 euros, por tanto dentro deses 40, por tanto hai 40 familias que piden iso, con independencia dos que poida haber ou non ou que teñan dereito ou non.

Y, en todo caso volvo a insistir, na redacción que teñen vostedes o término propietario xa está incluído na redacción global, é dicir todos os propietarios teñen dereito a esta redución, ademais tamén tería a redución por familia numerosa os inquilinos que a Xunta lle obriga a pagar, creo que é iso, non sei, nada máis que total non se me entende nada, estou atrapallado, a moción é marabillosa e vamos a votar en contra.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. González Carballo.

Sra. Rey, ten a palabra.

A Sra. Rey Martínez: A lo mejor se olvida el Sr. Domínguez que el ministro ha podido trabajar gracias a Ciudadanos que ya es bastante agradecimiento.

Y, por cierto, estamos en el momento de hacer mociones y enmiendas, no de hacer interpelaciones, hay que guiarse un poquito por el ROF.

Rematado o debate, sométese a votación a emenda presentada polo grupo municipal do PP, sendo so seu resultado:

- En contra: 18 (12 BNG; 3 PSdeG-PSOE; 2 Ma.Po; e 1 Mixto-C's).
- A favor: 7 (7 PP).

Seguidamente, sometese a proposición conxunta, sendo so seu resultado:

- En contra: 12 (BNG).
- A favor: 13 (7 PP; 3 PSdeG-PSOE; e 1 Mixto-C's).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, acorda aprobar a proposición conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE; Marea Pontevedra; e Mixto-Ciudadanos relativa á ampliación do sistema especial de pagamento do IBI urbano e á bonificación de familias numerosas.

7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-C'S RELATIVA Á CREACIÓN DUN PARQUE PARA A PRÁCTICA DE PARKOUR.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais do BNG; PP; PSOE; e Ma.Po), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 06.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.



O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal Mixto Ciudadanos, é do teor literal seguinte:

“O parkour é unha disciplina física centrada na capacidade motriz do individuo, desenvolvida a partir do método natural. Os practicantes son denominados "traceurs" si son homes, ou "traceuses" si son mulleres e teñen como obxectivo trasladarse dun punto a outro nunha contorna do xeito máis útil e eficiente posible, adaptándose ás esixencias do mesmo coa soa axuda do seu corpo.

O parkour é practicado tanto individual como colectivamente en calquera contorna, non exclusivamente en espazos urbanos. Cada practicante decide ata que punto involúcrase no seu adestramento e como enfocalo. A súa práctica implica a adaptación á contorna para superar os diferentes obstáculos presentes nun percorrido.

Foi desenvolvido en Francia, inicialmente por Raymond Belle e, posteriormente, polo seu fillo David Belle e o seu grupo de amigos, os auto-denominados Yamakasi durante finais dos anos 80. A disciplina popularizouse ao final dos anos 90 e ao principio dos 2000 grazas a películas, documentais e anuncios televisivos protagonizados polos Yamakasi.

En Pontevedra, dun tempo para acá, a práctica do parkour multiplicouse exponencialmente, cada día podemos atoparnos máis mozas e mozos practicando esta disciplina. Basta con achegarse unha tarde de fin de semana a algunha praza ou zona con mobiliario urbano para poder apreciar os saltos e habilidades destes mozos sorteando os diferentes obstáculos que atopan ao seu paso. A problemática que xorde da práctica desta disciplina é parecida, en certa medida, á que xurdiu no seu día cos que practican o skate: perigo de accidentes, molestias aos transeúntes, dano do mobiliario urbano, etc. Por iso, é necesario un lugar adecuado para a súa práctica, a fin de evitar estes inconvenientes e dotar a estes xóvenes, e non tan xóvenes, dun espazo adecuado e en condicións para a práctica desta disciplina.

Proposta de acordo

1- Dotar a Pontevedra dunha zona destinada á práctica de parkour, proporcionando a este colectivo unha zona adecuada para a súa práctica e co equipamento adecuado.

2- Que na realización de devandito proxecto cóntese coa participación e colaboración dos practicantes pontevedreses de devandita disciplina física.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, portavoz do grupo municipal Mixto-C's.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Xosé Luis Bará Torres.

A Sra. Rey Martínez: Gracias.

Traemos la solicitud de un grupo de chicos y chicas que practican un deporte nuevo o, al menos, un deporte poco conocido, una disciplina que consiste en desplazarse utilizando obstáculos, trepando, saltando, corriendo y empleando los movimientos del cuerpo. Es un grupo cada vez más numeroso y ciertamente con muchos valores.

Ellos lo único que piden es un lugar donde entrenar para no molestar a nadie, para poder mejorar sin hacerse daño, simplemente para iniciarse. Todos y cada uno de

ellos se refieren siempre a la necesidad de no molestar a los demás y creo que eso lo deberíamos de poner en valor.

Jóvenes con el mismo derecho que otros deportistas a disponer de su espacio y a que su ayuntamiento se lo proporcione en igualdad de condiciones que a otras disciplinas. Aquí se hacen campos de fútbol, se hacen espacios para la petanca, para los skaters que espero que se haga en algún momento, ¿por qué no vamos a prepararles un parque para practicar el parkour?.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey Martínez.

Seguidamente, intervén dona María del Carmen Moreira Martínez, concelleira do grupo municipal Marea Pontevedra.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

Parécenos moi positivo que existan espazos que satisfagan as necesidades das persoas que practican o Parkour. Está moi ben que teñamos instalacións para práctica de deportes que non sexan tan maioritarios, non todo van ser campos de fútbol en Pontevedra.

En Pontevedra que existe unha demanda real vémosto nas prazas como José Martí e nas rúas como Gutiérrez Mellado, onde os mozos e mozas utilizan ese mobiliario urbano para realizar esta práctica. Nós imos votar a favor desta proposición.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sra. Moreira.

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, intervén o concelleiro don Iván Puentes Rivera.

O Sr. Puentes Rivera: Moitísimas gracias.

Nós estamos totalmente a favor de que se practique o Parkour en Pontevedra e calquera outro deporte minoritario y demais. O que pasa e que se é certo e falo desde a ignorancia, nunca practiquei parkour, á vista está non podería, igual falo algo dende a ignorancia pero claro eu o parkour asócioo a un deporte netamente urbano que consiste precisamente en saltar e en facer ese tipo de acrobacias precisamente dende o mobiliario urbano, que non afectan gravemente tampouco, suben cos pés tampouco non hai ningún tipo de afección estraña; é certo que me resulta un pouco contradictorio asociar parkour con instalación circunscrita a un espazo concreto reducido da cidade e incluso cunhas certas medidas de protección cando entendo que a esencia do deporte é outra.

En todo caso, nós o que imos facer é absternos ante esta proposta, sen máis.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas.

De seguido, concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do PP.



O Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente.

Bueno Sra. Rey, yo sinceramente confieso mi desconocimiento sobre esta disciplina pero al leer el título de la moción en verdad estaba pensando que hablaba de algún tipo de aparcamiento público por horas, por el nombre, para facilitar la vida a estos ciudadanos que no encuentran donde aparcar, pero no, nos habla usted de una práctica física según dice centrada en la capacidad motriz del individuo, tal y como dice el texto de su texto: y tiene el detalle incluso de molestarse en definir que para los hombres se llama de una manera y para las mujeres se llama, no me atrevo a pronunciarlo, con otra denominación. Que curioso, fíjese que casualidad es que la definición es exactamente igual a la que se puede encontrar haciendo clic en Wikipedia, clavada, de hecho toda la exposición es exactamente igual a la codificación que aparece en la Wikipedia, hasta las comas y los puntos van en el mismo sitio, le felicito por haber sido plagiada por Wikipedia, aunque a lo mejor ha sido al revés, a lo mejor ha sido usted la que ha plagiado la Wikipedia y ha sacado lo que llamamos una wikimoción, por lo tanto bienvenida a la inauguración de las wikimociones.

Leyendo también sobre la Wikipedia también le puedo hablar yo de los fieldrunners y me pregunto por qué no incluye también a los fieldrunners porque sus participantes utilizan también el entorno urbano, el paisaje rural para realizar movimientos, acrobacias, a través de sus estructuras. Entonces ya le digo podíamos incorporar todas las disciplinas e incluirlas.

Y luego nos habla de crear un parque para su práctica. Si se olvidase usted de la Wikipedia y observase lo que se ha hecho en otras ciudades, se daría cuenta de que las soluciones que se están ofreciendo para los jóvenes y no tan jóvenes que realizan esta práctica pues es conjuntamente con los usuarios de Skate, porque mucho de su mobiliario es perfectamente reutilizable por unos y otros y, por tanto, ya habiendo por fin un proyecto, en teoría marcha en Pontevedra, de dotar por fin a Pontevedra de un Skatepark, creo que podíamos aprovechar y optimizar esta instalación y yo creo que esa sería la ubicación ideal para facilitarles un entorno para su práctica.

Por lo tanto, hemos estudiado su moción, créanme, la hemos estudiado a fondo, en consideración y por respecto a la Wikipedia, que yo creo que es una fuente intelectual que hay que tener en cuenta cuando uno se pronuncia sobre un tema político.

Mire, nos vamos a abstener porque sinceramente no tenemos nada en contra de que se lleve a cabo una instalación de este tipo pero realmente tampoco consideramos que esto sea una prioridad y máxime cuando se va a hacer una pista de Skate.

Y ahora hablando en serio, tenga usted en cuenta que esto es una práctica también con cierto riesgo, hay fallecimientos de personas que practican este tipo de deporte y piense usted también en las implicaciones que esto podría llevar para el Concello si se producen accidentes en una instalación hecha por el Concello, simplemente válo-relo usted.

Por lo tanto, nosotros nos vamos a abstener y no tengo nada más que comentar.

Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Moreira.

A continuación, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o concelleiro don Luís Alberte Oubiña Piay.

O **Sr. Oubiña Piay**: Bo día a todas e máis a todos.

Sra. Rey, enténdame a brincadeira tamén xa a fixo o Sr. Moreira, a próxima vez cremos que cando reproduza mocións co contido literal da Wikipedia faga como o Sr. Abeigón, don Tomás, que nos indica a fonte de onde a saca, fonte Internet, pois neste caso tamén fonte Wikipedia.

Ao noso entender, lendo a moción con calma cremos que faltoulle ler o texto ata o final, o texto da Wikipedia refirome; neste texto indicábase que esta práctica, reproducido literalmente tamén implica respectar aos cidadáns e ao entorno, nunca debe por en perigo a vida do practicante e dos demais e para alén disto tamén se engade literalmente que a particularidade desta disciplina radica na súa sinxeleza, tan só se precisa un calzado cómodo, pouco máis.

Polo que nós entendemos, por respecto aos autores da moción, máis ben por respecto aos autores do artigo da Wikipedia, por respecto tamén á filosofía desta práctica, imos votar en contra. Cremos que non é a maneira de formulalo, cremos que non é a maneira de levalo adiante.

Moitas grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas grazas, Sr. Oubiña.

Sra. Rey Martínez, ten a palabra.

A **Sra. Rey Martínez**: Yo quiero pensar que los que practican este deporte saben de lo que hablan, si ellos lo piden será porque lo necesitan, no es cuestión de que nosotros queramos entender nada, reírse del nombre de un deporte o de sus participantes, o de como se llaman los que lo practican pues, hombre, está muy bien.

Y, por cierto, yo no se si saben ustedes para lo que está Wikipedia, los diccionarios o las enciclopedias que es para utilizar sus definiciones. Es para lo que se utiliza este tipo de páginas, por ejemplo, de Internet y lo único que hacemos es trasladar a la moción una definición para que no hubiese después chistes al respecto.

Para estudiar a fondo una moción, Sr. Moreira, hay que conocer de lo que se habla y, efectivamente, me da la sensación de que usted lo que pretende es que cerremos todas las instalaciones deportivas de esta ciudad porque siempre puede haber accidentes.

Le trasladaremos a los chicos y a las chicas que practican el parkour lo que piensan ustedes de ellos, lo que piensan ustedes del nombre de su deporte, lo que piensan ustedes del nombre de los que lo hacen y que no utilicen la Wikipedia para buscar definiciones porque aquí en el Concello de Pontevedra se ríen de ellos.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo so seu resultado:

- En contra: 11 (11 presentes BNG).
- Abstención: 10 (7 PP; e 3 PSdeG-PSOE).
- A favor: 3 (2 Ma.Po; e 1 Mixto-C's).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición presentada polo grupo Mixto-Ciudadanos relativa á creación dun parque para a prác-



tica do parkour.

8.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A XESTIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE MONTE PORREIRO.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupos municipais BNG; PSOE; Ma.Po; e Mixto-Ciudadanos), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 01.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do PP, é do teor literal seguinte:

“Tal e como indicamos na Moción que presentamos en materia deportiva o pasado mes de decembro, queremos recordar que: o artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, establece que é competencia municipal o fomentar, promover e difundir o deporte, así como construír, xestionar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.

Doutra banda, tamén citamos que: o artigo 25.2. m da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, establece que nos municipios de máis de 20.000 habitantes é competencia dos Concellos o proporcionar instalacións e actividades deportivas, é dicir, entendendo devandito precepto dun xeito amplo, de poñer a disposición dos cidadáns todos os medios para a mellor práctica do deporte.

O Pavillón Municipal de Deportes de Monte Porreiro desde o día 1 de xaneiro de 2017 é unha instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra que a día de hoxe, é dicir, transcorridos máis de 12 meses, segue sen ter definido o modelo de xestión, e polo tanto, non hai un acordo formal de cesión que estableza nun prego as obrigacións e deberes das partes. Esta falta de acordo entre o Concello e a entidade que o utiliza, impide que se poida regularizar a situación na que se atopa, sen que exista polo momento a garantía de que poidan dispoñer dun período de tempo concreto para xestionalo.

Evidentemente o anterior fai que non exista un control sobre o gasto de enerxía eléctrica, de auga, etc. Nin que a instalación conte co persoal de control de accesos (conserxes) e de mantemento, e que tampouco se dispoña dun horario ao público do uso da instalación, nin da asignación das actividades que se practican, o cal impide que esta sexa utilizada noutros horarios polos distintos clubs ou entidades da cidade que tamén o podían utilizar.

Exposta a competencia e tamén as necesidades, e considerando que actualmente este goberno do Sr. Lores no Concello de Pontevedra non está asumindo a responsabilidade que lle compete por Lei, nun claro exercicio de desidia, negligencia e abandono;

Elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Instar á Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra, a que asuma a xestión e mantemento do Pavillón Municipal de Deportes de Monte Porreiro, ou noutro caso defina legalmente o modelo de xestión co obxecto de que se poidan emendar todas as deficiencias anteriormente descritas, e que na citada instalación deportiva igualmente se poidan realizar todas aquelas actividades físico-deportivas para a que foi

destinada, de forma óptima e coas garantías suficientes de: seguridade, hixiene, mantemento, funcionalidade e transparencia, para todos os veciños do barrio de Monte Porreiro, así como do resto do municipio de Pontevedra que a utilizan.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Manuel Tomás Abeigón Costa, concelleiro do grupo municipal do PP.

O Sr. Abeigón Costa: Gracias, Sr. Alcalde. Buenos días señoras y señores concejales, compañeron miembros de esta corporación, funcionarios del ayuntamiento, medios de comunicación y, como no, a todos los asistentes al pleno de hoy.

Esta moción que nuestro grupo trae hoy al Pleno pone de manifiesto una vez más lo que venimos denunciando desde hace tiempo, la falta de instalaciones deportivas, el abandono, es descontrol y la falta de mantenimiento y gestión en las instalaciones ya existentes en la ciudad de Pontevedra, algo que nos permite afirmar lo que ya se ha hecho viral, que a nuestro Alcalde el empleo y el deporte le importa un pito.

Que el ayuntamiento de Pontevedra asuma la gestión y mantenimiento del pabellón municipal de Monte Porreiro y, en otro caso, defina legalmente el modelo de gestión este es el título de la moción que hoy presentamos que viene justificada porque desde el día 1 de enero del año 2017 es una instalación deportiva que pasa a depender de los servicios de deportes del Ayuntamiento de Pontevedra y que a día de hoy, es decir, más de 12 meses es el tiempo que ha transcurrido desde entonces, sigue sin tener definido el modelo de gestión y, por lo tanto, no hay un acuerdo formal de cesión que establezca en un pliego las obligaciones y los deberes de las partes.

Esta falta de acuerdo de acuerdo entre el ayuntamiento y la entidad que lo utiliza impide que se pueda regularizar la situación en la que se encuentra y, por lo tanto, no exista un control sobre el gasto de energía, sobre el consumo de agua y que la instalación cuente tampoco con el personal de control de accesos, conserjes de mantenimiento ni que se disponga de un horario para uso público de la instalación ni de la asignación de actividades a las entidades que las quieran desarrollar, lo cual impide que sea utilizado en otros horarios por otros clubes de la ciudad.

Por lo tanto, elevamos a Pleno para su debate la siguiente propuesta que literalmente dice: Instar a la Junta de Gobierno del Ayuntamiento de Pontevedra, a que asuma la gestión y mantenimiento del Pabellón Municipal de Deportes de Monteporreiro o, en otro caso, defina legalmente el modelo de gestión con el objeto de que se puedan subsanar todas las deficiencias anteriormente descritas, y que en la citada instalación deportiva igualmente se puedan realizar todas aquellas prácticas físico-deportivas de forma óptima, con las garantías suficientes de: seguridad, higiene, mantenimiento, funcionalidad y transparencia, para todos los vecinos del barrio de Monteporreiro, así como del resto del municipio de Pontevedra que la utilizan.

Gracias, Sr. Alcalde. Bravo por la Constitución española, la guardia civil y la policía nacional.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Abeigón, e moitas gracias tamén pola brevidade, tamén teño que dicilo, milagrosamente, que a iso non nos ten acostumbados.

Seguidamente, en representación do grupo municipal Ma.Po intervén a concelleira



dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

No pleno do 12 de xaneiro deste ano debatemos sobre o pavillón de Monte Carrasco, agora en termos similares do pavillón municipal de deportes de Monte Porreiro, e reiteramos que o concello debe asumir as súas responsabilidades en materia de mantemento e limpeza destas instalacións deportivas pero tamén da súa xestión, porque para iso o pavillón é municipal.

Na súa proposta de acordo, por unha banda, di que o concello asuma a xestión e, por outra, que definan o modelo de xestión, non estamos de acordo con esta segunda opción, pensamos que o Concello de Pontevedra ten a suficiente fortaleza para facerse cargo das súas instalacións que son públicas.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Moreira.

De seguido, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, intervén o seu portavoz don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Gracias, Sr. Alcalde. Vou a intentar ser tamén eu moi breve porque logo Iván quere falar do tren e creo que é bastante importante a cousa. Tres reflexións moi breves, unha para o Sr. Abeigón, cando lin esta moción veume á cabeza un verso dunha canción que cantaba Concha Velasco, daquela era Conchita Velasco, que dicía “no te quieres enterar”, vamos a para ahí, “no te quieres enterar”, eu estou seguro que lles sona a todo o mundo esa canción porque é moi famosa, cando un non se quere enterar non hai nada que facer, entón vou a dar por reproducidos todos os argumentos que xa expresei con motivo doutras mocions practicamente iguais que ten presentado o Sr. Abeigón, don Tomás.

A segunda reflexión é para o Alcalde, para vostede, é para felicitalo ou para que lle agradeza ao Sr. Abeigón que siga presentando este tipo de mocions porque talmente parece un infiltrado do BNG no Partido Popular, é que non se poden facer as cousas tan mal para erosionar a un grupo político, de verdade creo que vostede tenlle que agradecer ao Sr. Abeigón o seu traballo, non como llo agradece a Kiko da Silva, pero doutro xeito, dalgunha maneira, unha plaquiña ou algo así, a Kiko da Silva non porque a ese xa lle leva pagado vostede de abondo, o comic que lle fixo e o que lle vai a facer tamén.

A ultima reflexión, nesa mesma liña, para o grupo popular e para o seu portavoz. Se o Sr. Abeigón me lembraba a Conchita Velasco o grupo popular as veces me lembra a Dante, porque Dante nun dos seus poemas, na baixada ao inferno, os protagonistas se atopan cunha inscrición que puña algo así como “vosotros los que entráis despojaos de toda esperanza” y creo que por esta liña de actuación que leva o Partido Popular debe ir pensando en perder a esperanza de ser, sequera, alternativa de goberno.

Nada máis, nos vemos a manter a abstención que xa mantivemos en outras mocions similares que ten presentado o Sr. Abeigón.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Fernández González.

A continuación, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o seu concelleiro don Demetrio Gómez Xunqueira.

O Sr. Gómez Xunqueira: Moitas grazas, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas.

Aquí estamos cunha, en termos deportivos e antigos como nos fai lembrar o Sr. Fernández, case case cunha moviola, Sr. Abeigón, porque esta moción xa a discutimos hai un mes, a vostede échelle exactamente igual que naquela moción quedasen claros todos os erros intelectuais que vostede tiña alí presentados, que aquí reproduce, e incluso, que isto é moito máis triste, dálle exactamente igual saber que falamos dun asunto moi complexo no que están intervindo os servizos técnicos deste concello, os servizos deportivos, os servizos xurídicos, que se está negociando con entidades sociais e clubs deportivos, a vostede iso élle exactamente igual, e élle exactamente igual que lle ofrecésemos levar toda a información a comisión e consensuar con vostedes ese xeito en que se poden facer estas cesións ou estas xestións destas instalacións deportivas. Todo iso dálle o mesmo porque o único que lle importa é ter aquí o seu minuto de gloria, é vostede como os malos deportistas que prefiren lucirse eles que traballar en equipo, e o malo Sr. Abeigón, don Tomás, é que ten un capitán ou ten un adestrador que llo permite, e non estamos para estas cousas. Polo tanto, se o que vostede pretende é lucirse, repetir o día da marmota, andar con moviolas e o noso voto vai a ser exactamente o mesmo que a outra vez, imos votar en contra.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sr. Gómez Xunqueira.

Sr. Abeigón, ten a palabra.

O Sr. Abeigón Costa: Gracias de nuevo, Sr. Alcalde.

Voy a responder solo al gobierno, porque en un ejercicio de fair play no quiero que el resto de los partidos sigan perdiendo votos, en cualquier caso, al Sr. Fernández, don Agustín, decirle que de la misma forma que usted cita a Dante y a Conchita Velasco permítame que yo cite a su tocayo, don Agustín con una máxima que decía “usted no sabe ni lo que no sabe”.

Vamos a debatir con usted, Sr. Gómez Xunqueira, don Demetrio, que por méritos propios ya tiene ganado el título de concejal de deportes de repuesto. Yo me pregunto que cometido tiene la concejala de deportes de esta ciudad, es una pregunta que me la vengo haciendo desde hace tiempo pero no hace falta que me la responda. Mire, las administraciones locales tiene que apostar por ofrecer la máxima calidad en sus servicios públicos, y eso aquí, en las instalaciones deportivas de Pontevedra no sucede ni a punta de pistola. En Pontevedra no hay un plan de gestión ni de mantenimiento de las instalaciones deportivas, todo se improvisa, Sr. Gómez Xunqueira, desde el 1 de enero de 2017 en que desaparece el IMD y se crea el servicio de deportes las instalaciones deportivas que no estaban adscritas al IMD siguen igualmente dejadas de la mano de dios y eso que ya ha transcurrido un año. Aquí tengo un escrito de solicitud que este concejal que les habla dirigió al Alcalde en el cual le solicita que le certifique el modelo de gestión de las instalaciones deportivas municipales de este ayuntamiento, de las que usted se le llena la boca de hablar, y la respuesta



del Sr. Alcalde es “se desestima a solicitude”.

Su política deportiva, como no puede ser de otra forma, se resume en dos palabras, leña y propaganda, ustedes están haciendo con el deporte lo mismo que con el empleo, lo están destruyendo, en vez de buscar posibilidades de crecimiento solo dificultan las mismas para no encontrar una solución a los problemas. Es cierto que hemos presentado mociones similares, efectivamente, hemos presentado una moción del pabellón de Salcedo y ustedes la han votado en contra, hemos presentado una moción del pabellón de Monte Carrasco y ustedes la han votado en contra, y es que no se enteran porque de una forma sutil les estamos diciendo, por eso presentamos esta última moción sobre el pabellón de Monte Porreiro, de la falta de mantenimiento, de control y de gestión en casi todas las instalaciones deportivas que dependen del ayuntamiento el cual ustedes gobiernan, incluso de algo tan grave y tan serio que espero que me responda, espero que me responda, y se lo digo otra vez, espero que me responda, repito, espero que me responda, de la falta de transparencia que se da en ellas, porque bien el Alcalde, el Sr. Lores, o alguno de sus concejales de deportes, bien la concejala titular o el concejal de repuesto, deberían de explicar a los pontevedreses a donde va a parar el dinero que se cobra en efectivo en algunas de las instalaciones deportivas de la ciudad, donde se sabe que se les cobra a los usuarios de las mismas sin que exista un mínimo de control sobre lo recaudado permitiendo esto de forma tácita, sin que esos ingresos aparezcan en las arcas municipales, pues lo hemos consultado en Tesorería, Sr. Gómez Xunqueira, don Demetrio, y en este concepto no aparece ni un solo céntimo de euro. Le ruego que me responda porque creo que esto es bastante grave y ya está bien, ya está bien de que se juegue con el dinero de los pontevedreses, ya está bien.

En cualquier caso, también le digo que ustedes que gobiernan nuestras mociones nos las votan en contra pero hay algo llamativo que al menos nos copian las ideas, porque hemos visto que para la gestión de los campos de fútbol esos que ha prometido, han prometido cinco campos de fútbol me parece, año 2015 no hay ningún campo de fútbol hecho, año 2016 no han hecho ningún campo de fútbol, año 2017 tampoco, año 2018, a día de hoy, no hay ningún campo de fútbol, eso sí, ya tienen pensado el modelo de gestión que es el que nosotros proponemos en nuestras mociones y que hemos de reconocer que no es el ideal pero es el menos malo, porque con ustedes pedirles el modelo ideal sabríamos que es imposible.

En cualquier caso podría enumerarle un montón de, hacerle un repaso de la situación en la que se encuentra el deporte pontevedrés, como puede ser la novena prórroga irregular de las piscinas de Campolongo, que se les adeuda a los clubes las subvenciones desde el año 2015, que se han cargado el circuito de carreras populares, otra falta más de apoyo al deporte popular, que hay clubes que se tienen que ir a entrenar a Marín porque aquí no tienen instalaciones o que todavía no han licitado el servicio de cafetería y bar del pabellón y de la Xunqueira.

Yo espero que reflexionen y, desde luego, consideramos que nuestras mociones si tienen un sentido práctico desde el punto de vista que vemos que nos copian las ideas que planteamos para solucionar los problemas.

Esto es todo. Muchas gracias, Sr. Alcalde. Bravo por la Constitución española, la Guardia Civil y la Policía Nacional.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo so seu resultado:

- En contra: 13 (11 presentes BNG; e 2 Ma.Po).

- Abstención: 4 concelleiros (3 PSdeG-PSOE; e 1 Mixto-C's).

- A favor: 7 (7 PP).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre a xestión do pavillón municipal de deportes de Monte Porreiro.

9.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE EN RELACIÓN Á CONEXIÓN FERROVIARIA DE PONTEVEDRA CON VILAGARCÍA, VIGO, OURENSE E MADRID E A MELLORA NO SERVIZO PRESTADO AOS VIAXEIROS/AS USUARIOS DE BICICLETA.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupos municipais BNG e PP), da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 10.01.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, é do teor literal seguinte:

“Á marxe do tren de alta velocidade (AVE) Galicia - Madrid, a vertebración ferroviaria do noso país ten aínda grandes asignaturas pendentes, como a conexión de Ferrol e Lugo coa Coruña, a de Ourense con Pontevedra e Vigo directamente a través de Cerdedo, as de Galicia con Asturias, Cantabria, Euskadi e Francia, polo Norte e con Portugal polo Sur ou a posta en marcha de servizos que permitan conectar tamén o rural galego, non só as cidades.

Tendo isto sempre en conta, é obvio, non obstante, que a construción e entrada en funcionamento do chamado Eixo Atlántico de Alta Velocidade (A Coruña - Vigo), xunto coa nova vía Santiago - Ourense, teñen significado unha mellora moi importante nas conexións interiores de Galicia por ferrocarril, entre as grandes áreas urbanas da costa Atlántica, pero esas melloras e potencialidades da nova infraestrutura non están sendo explotadas ao máximo.

RENFE límitase a prestar servizos directos dentro desas novas liñas, como se se tratase de compartimentos estancos, sen aproveitar nin estudar todas as posibles conexións e transbordos entre diferentes trens, en definitiva, sen ofertar aos galegos e galegas un servizo integral de ferrocarril. Un bo exemplo disto é a conexión de Pontevedra con Ourense, que Renfe segue a ofertar de xeito directo unicamente polo vello trazado á beira do Miño, con tempos de viaxe que oscilan entre unha hora e media e dúas horas e 45 minutos, tempos que claramente non son competitivos, salvo nos servizos máis rápidos, co autobús e en ningún caso co vehículo particular.

A paradoxa é que Pontevedra dispón de practicamente as mesmas conexións diarias con Ourense polo Miño das que podería ter a través de Santiago de Compostela se se fixesen pequenos axustes, de escasos minutos, entre os trens que circulan entre Pontevedra e Compostela e os que conectan a capital de Galicia con Ourense.

Facendo eses pequenos axustes, os nosos veciños e veciñas terían o dobre de conexións diarias con Ourense e un servizo notablemente mellor, pois os tempos de viaxe, grazas á nova vía no Eixo Atlántico e entre Santiago e Ourense, reduciríanse notablemente nos casos nos que se optase por esta opción. A viaxe Pontevedra - Ourense oscilaría entre unha hora e cuarto e unha hora e 45 minutos, é dicir estaría-



mos a falar de reducir a duración das viaxes entre 15 m. e unha hora e media en función do servizo do que se trate.

Ademais dos tempos, melloraríanse e racionalizaríanse os horarios. As persoas que se desprazan a diario entre ambas cidades por razóns laborais poderían estar en Pontevedra ou Ourense no entorno das 8:00 e as 9:00, cousa que agora non sucede, xa que, por exemplo, unha persoa de Ourense que traballe en Pontevedra, se opta por viaxar en tren, non pode estar na nosa cidade antes das 9:33 da maná se ven polo Miño ou das 9:04 se ven por Santiago, agardando nesta estación unha hora para coller o tren ata Pontevedra.

Compre estudar polo miúdo todos os casos para achar a mellor solución, pero hai conexións como as seguintes que resulta especialmente escandaloso que non estean sincronizadas:

Dirección Ourense - Pontevedra		
Chegada a Santiago do tren de Ourense	Saída de Santiago do tren de Pontevedra	Diferenza en minutos
7:28	7:30	+ 2
8:33	8:30	-3
12:48	12:30	- 18
18:38	18:30	-8
19:59	19:50	-9
20:48	20:40	-8
21:58	22:00	+ 2

Como se pode ver, hai ata 6 trens diarios neste sentido que resulta imposible combinar, ben porque o tempo dispoñible para o transbordo entre un e outro é de só 2 minutos (imposible na práctica), cousa que ademais sucede nun dos servizos clave para os viaxeiros que se desprazan por razóns laborais, o das 7:30; ou ben porque o tren a Pontevedra sae antes de que chegue o de Ourense, con diferenzas en todos os casos que non superan os 9 minutos, pero nalgúns como o das 8:30, clave tamén nos desprazamentos laborais, ese desfase é de só 3 minutos.

No traxecto inverso, Pontevedra - Ourense, as combinacións son algo mellores, pero tamén hai desfases incomprensibles de ata 1 minuto e enlaces tan axustados que é preciso corrixir:

Dirección Pontevedra - Ourense		
Chegada a Santiago do tren de Pontevedra	Saída de Santiago do tren de Ourense	Diferenza en minutos
8:28	8:34	+ 6
9:40	9:39	-1
12:05	12:10	+ 5
14:42	14:35	-7
17:25	17:25	0
20:25	20:30	+ 5

Ademais dos horarios, é preciso que RENFE racionalice o sistema de tarificación, pois actualmente penaliza os transbordos. Volvendo ao exemplo dunha persoa que se desprace a diario por razóns laborais entre Ourense e Pontevedra, se quixera mercar un bono de viaxeiro frecuente para reducir o prezo da tarifa, ao ter que coller

dous trens, tería que mercar dous bonos, cun custe mensual de 465 €. Pola contra, se esa mesma persoa se despraza desde Ourense á Coruña, pese a percorrer unha distancia sensiblemente maior, uns 30 km. máis de vía, ao ser un servizo directo, podería facelo cun só bono e a un prezo menor, en torno a 400 euros.

Nun contexto no que o transporte público tende á intermodalidade, no que en moitas áreas é posible viaxar co mesmo billete sen custe adicional incluso cambiando de empresa e de medio de transporte é incomprensible que RENFE non oferte bonos únicos cando é preciso cambiar de tren e penalice aos viaxeiros que deben facer estes transbordos, máis nun sistema de media distancia, case cercanías, como o de que estamos a falar.

Finalmente, tal e como xa ten debatido e aprobado a Corporación Municipal de Pontevedra, todas estas vantaxes que se sinalan para a conexión de Pontevedra con Ourense a través de Santiago, fan que a conexión da nosa cidade con Madrid a día de hoxe, en tanto non entre en funcionamento a variante de Cerdedo (novamente adiada na última proposta de Orzamentos Xerais do Estado) sexa tamén máis rápida por Santiago que polo Miño, fundamentalmente no caso dos dous Alvia diarios. A conexión con Madrid por Vilagarcía de Arousa e Santiago de Compostela podería acurtar nunha hora a duración da viaxe Pontevedra - Madrid, facendo así máis atraínte este medio de transporte e dando un mellor servizo aos usuarios do mesmo.

No ámbito máis próximo a Pontevedra, en relación coa futura integración do noso Concello no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, compre salientar que dito Plan non debe mellorar só o transporte colectivo por estrada, senón que, adecuadamente combinado e interconectado co anterior, debe incluír tamén o ferrocarril como medio de comunicación de proximidade.

Así, en relación ás dúas áreas urbanas da nosa contorna, Vilagarcía de Arousa e Vigo, é tamén desexable unha mellor, máis doada e máis económica comunicación entre as tres, posto que son milleiros os cidadáns e cidadás que a diario se desprazan entre elas, actuando na práctica como un grande conurbación urbana que resultaría absurdo partir en tres compartimentos estancos. Estando como está a conexión por estrada lastrada, por unha banda, polas peaxes abusivas da AP-9 e, por outra, pola saturación de tráfico e os trazados antigos da N-550 e máis da PO-531, resulta especialmente interesante considerar neste caso a inclusión do ferrocarril Vilagarcía - Pontevedra - Vigo dentro do Plan de Transporte Metropolitano.

Unha conexión por ferrocarril recentemente modernizada, con incremento de frecuencias e cunha redución notable do tempo da viaxe que nos servizos máis lentos, os do tren Rexional, iguala ao autobús, pero nos dos trens de Media Distancia complétase a viaxe entre Pontevedra en Vigo na metade de tempo que o bus, 14 minutos fronte a 30. Pese a todo isto, o número de viaxeiros de Renfe entre as dúas cidades ten descendido á metade nos últimos seis anos, debido, probablemente, á nula competitividade do tren en prezo. Un billete (ida e volta) de autobús entre Pontevedra e Vigo custa 3 euros, mentres que o do tren oscila entre os 5,10 dos servizos máis lentos e os 5,80 dos máis rápidos; mención aparte merecen os absurdos 7,30 euros que deberíamos pagar se queremos facer o desprazamento nalgún dos dous Alvia diarios ou os 9,75 do Tren Hotel. É dicir co aforro logrado por cada día que non irnos en tren case pagamos un día extra de autobús.

Na conexión con Vilagarcía non ten descendido o número de viaxeiros, pero tampouco se ten incrementado, como sería de agardar ao reducir, neste caso en todos os servizos, tanto en Rexional como en Media Distancia, o tempo de viaxe a 15 minu-



tos, fronte aos 45 do autobús. O prezo parece ser tamén a explicación máis plausible neste caso e é precisamente a redución de tarifas unhas das principais vantaxes da integración no Plan de Transporte Metropolitano.

Por último, falando de transporte público e de mobilidade sostible, tal e como levan tempo denunciando colectivos de usuarios da bicicleta, como Pedaladas ou Masa Crítica, RENFE dificulta e mesmo penaliza aos viaxeiros/as que apostan pola deseñable combinación de tren e bicicleta para os seus desprazamentos, pois, ademais de ter que pagar unha tarifa extra por levar a bici no tren (3 euros en traxectos de máis de 100 km.), o billete para esta non se pode mercar na páxina web ou na aplicación móbil, senón que hai que facer obrigatoriamente a compra na taquilla da estación, aturando a cola correspondente, cousa aínda máis complicada acompañado da bicicleta e non sabendo ata o momento de chegar se hai ou non sitio para a bici no tren, pois non hai posibilidade de consultar previamente a dispoñibilidade e o espazo destinado a estas é moi limitado, só 3 bicicletas por tren, logo de que foran eliminados outros 3 espazos para ubicar as máquinas de venda de comida e bebida.

A elo únese o feito absurdo de que, por riba, a venta do billete para a bicicleta faise por traxectos completos, é dicir, non se adecúa á viaxe real do usuario desa bicicleta; por exemplo, se unha persoa viaxa entre Pontevedra e Santiago en tren coa súa bicicleta, o enganche para esta non se reserva entre eses dous puntos, senón que se reserva entre Vigo e A Coruña, traxecto completo do tren, impedindo, por exemplo, que outra persoa que suba en Santiago para ir ata a Coruña poda usar o mesmo enganche, que, sen embargo, irá baleiro entre ambas cidades.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Pontevedra presenta a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

A Corporación Municipal de Pontevedra acorda:

1. Instar ao Ministerio de Fomento e a RENFE a:
 - a. Axustar os horarios dos trens que cobren o traxecto Ourense - Santiago e os Regional e Media Distancia que enlazan Pontevedra con esa cidade, a fin de que os viaxeiros que se despracen entre Pontevedra e Ourense, e viceversa, podan facelo vía Compostela, realizando transbordos nesta cidade axustados e sen excesivas esperas, aproveitando e optimizando así os servizos de ambas liñas e acurtando os tempos de viaxe da actual conexión pola vella vía do Miño.
 - b. Ofertar bonos integrados de RENFE entre Pontevedra e Ourense, e viceversa, que permitan os desprazamentos entre ambas cidades coa compra dun único bono.
 - c. Estudar a demanda actual e potencial de desprazamentos por ferrocarril entre Pontevedra e Ourense a fin de valorar a posta en marcha de servizos directos entre ambas cidades, aproveitando o "bypass" que xa está construído nas inmediacións de Compostela, pendente só de electrificación para poder entrar en funcionamento.
 - d. Dar cumprimento ao acordo adoptado neste mesmo mandato polo Concello de Pontevedra para variar, en tanto non estea operativa a variante de Cerdedo, o traxecto dos dous Alvia que actualmente conectan a diario Pontevedra con Madrid, de xeito que o treito entre Pontevedra e Ourense, que actualmente se realiza pola vía do Miño, se faga por Vilagarcía de Arousa e Santiago de Compostela, acertando así nunha hora a viaxe entre Pontevedra e Madrid.
 - e. Incrementar o espazo destinado ao transporte de bicicletas nos trens que circulan en Galicia e, de xeito inmediato, permitir a reserva gratuíta do espazo destinado ás mesmas tanto a través da páxina web de RENFE como da súa aplicación móbil, ade-

cuando dita reserva ao traxecto real do usuario e permitindo, por tanto, que un mesmo enganche poda ser usado por varios viaxeiros dentro do mesmo servizo, cando eses percorran treitos diferentes.

2. Instar á Xunta de Galicia a:

a. Integrar o ferrocarril no Plan de Transporte Metropolitano da Área de Pontevedra, tan pronto como este se poña en marcha, para os desprazamentos entre as estacións de Arcade, Pontevedra e Pórtela.

b. Unha vez que na área de Vilagarcía opere o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, previo acordo cos concellos afectados, incluír tamén os treitos Pontevedra - Vilagarcía e Pontevedra - Vigo dentro do Plan, a fin de que os usuarios podan realizar coa súa tarxeta de transporte os desprazamentos entre estas tres cidades, beneficiándose da tarifa zonal e da correspondente redución de prezo sobre o billete actual.

c. Ao ser tres áreas diferentes, aplicarase un pequeno suplemento tarifario por cada cambio de zona, pero cun prezo total inferior ao actual e mantendo a intermodalidade, é dicir, a posibilidade, durante un período de tempo determinado, de cambiar entre diferentes medios de transporte sen custe adicional.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Iván Puentes Rivera, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión don Xosé Luís Bará Torres.

O **Sr. Puentes Rivera**: Moitas gracias, Sr. Alcalde, eu estaba aquí contento e ledo porque pensei que a Televisión de Galicia viña a este Pleno a cubrir unha noticia de interese para todos os galegos e galegas, como é a conexión interior por ferrocarril, e resulta que marcharon, non están aquí, non imos saír no telexornal, pero algúns salirán, seguro, con outros temas.

Falando de cuestións de interese, esta moción que vou intentar sintetizar, por é ampla porque toca moitos puntos e xa está explicada en comisión informativa, pretende simplemente mellorar as conexións ferroviarias da nosa cidade con Vilagarcía, con Vigo, con Ourense e con Madrid, e mellorar tamén o servizo que se lle presta aos usuarios e usuarias da bicicleta. Polo tanto, en primeiro lugar o que fai e instar ao Ministerio de Fomento e a Renfe a axustar os horarios dos trens que cubren o traxecto entre Ourense e Santiago cos rexionais e media distancia que enlazan Pontevedra con esta mesma cidade, con Compostela, a fin de que os desprazamentos entre a cidade de Pontevedra e Ourense e viceversa podan facerse, ademais de pola vía do Miño, a través desta conexión en Santiago co conseguinte intercambio de tren. Porque o certo é que a día de hoxe, aínda con ese transbordo, con ese cambio de tren, o tempo é menor indo por Santiago que pola vía do Miño, logo das melloras no eixo atlántico e nesa conexión Santiago-Ourense, e o certo é que Renfe parece que deixa de lado e que non estuda o máis efectivamente posible esa oferta de viaxes aos nosos cidadáns e cidadás, porque dependendo do traxecto pero atopamos, nun caso, oito posibles conexións nun sentido e seis no outro que realmente non se poden realizar en Santiago de Compostela porque os trens non se cruzan por diferenzas de dous minutos, tres minutos ou oito minutos, é dicir, diferenzas absolutamente ridículas que de corrixirse minimamente poderían dar ese servizo.



Ademais de axustar os horarios dos trens para que se podan realizar eses desprazamento por parte de decenas cando non centos de cidadáns que se desprazan a diario entre ambas cidades, ademais diso pedimos que tamén os prezos e os bonos que se oferten sexan acordes e contemplan este traxecto, porque tamén o caso é que nesta ocasión Renfe pois ignora estes desprazamentos, así cando unha persoa que-re desprazarse entre Ourense en A Coruña, por exemplo, compra un único bono e no caso de que o faga entre Ourense e Pontevedra vese obrigada a comprar dous bonos que, ademais, resultan máis caros para un traxecto que é sensiblemente inferior en número de quilómetros.

Solicitamos tamén que se estude a demanda potencial deses desprazamentos por ferrocarril entre Pontevedra e Ourense para que se poña en marcha o baipás de Santiago de Compostela, que xa está construído, a falta de electrificación simplemente, e que polo tanto podan circular trens directamente sen transbordo en Santiago de Compostela nunha segunda fase.

Ademais, dando cumprimento ao acordo adoptado por este Pleno ao principio do mandato, as conexións a través de Alvia de Pontevedra con Madrid se realicen a través de Vilagarcía de Arousa e de Santiago, reducindo nunha hora a viaxe entre a nosa cidade e a capital do Estado.

E en último lugar, con respecto ao Ministerio de Fomento e a Renfe pedimos tamén que se habilite maior espazo para as bicicletas, para os usuarios que moi acertadamente deciden apostar pola combinación de tren e ferrocarril para os seus desprazamentos e que se ten reducido nos trens actualmente para poñer algo vital e fundamental nos desprazamentos entre Vigo e A Coruña como son as máquinas de vending que son absolutamente fundamentais para un desprazamento cómodo en ferrocarril. Que se habiliten, como dicía, máis enganches para bicicletas e que ademais Renfe oferte o billete para bicicleta a través da páxina web igual que fai cos billetes para os viaxeiros, que non obligue a que se compre fisicamente na estación e que esa venda deses billetes para bicicleta se axusten ao traxecto real do usuario e non, como pasa agora, que se venden por traxecto completo e si un viaxa entre Compostela e Pontevedra ocupa o enganche da bicicleta entre A Coruña e Vigo inhabilitando a outros usuarios para poder facer uso tamén do tren xunto coa bicicleta no traxecto que esta persoa non utilice.

Por último, no punto segundo, instamos á Xunta de Galicia a que na medida en que se poña en marcha a rede de transporte metropolitano de Pontevedra, ademais do autobus, se integre o ferrocarril nese plan de transporte metropolitano, inicialmente para favorecer os desprazamentos en ferrocarril entre as estacións da área, é dicir, entre Arcade, no límite coa área de Pontevedra, Pontevedra e A Portela, xa no concello de Barro, e nunha segunda fase, unha vez que estea plenamente operativo o plan de transporte metropolitano na cidade de Pontevedra, en Vilagarcía e en Vigo, contemplar tamén a inclusión do ferrocarril entre estas tres cidades facendo unha especie de servizo de cercanías, vinculado a ese plan de transporte metropolitano, que permita que os cidadáns coa tarxeta de transporte da Xunta de Galicia podan utilizar o tren entre Vilagarcía e Vigo e beneficiarse tamén dos descontos aplicables a esa tarxeta e dos transbordos entre os diferentes medios de transporte sen custo ningún para o usuario. Poderíamos empezar a facer efectivo aquilo de desprazarse desde a casa ata o punto de traballo en transporte público sen deixarse ningún ollo da cara nin excesivo tempo para poder facelo.

O último punto da moción, en relación con isto, ten relación con que se aplicará un pequeno suplemento tarifario por cada cambio de zona, estamos falando de tres zo-

nas de transporte diferentes, pero que en todo caso sexa inferior ao que custaría actualmente e mantendo esa intermodalidade da que falaba hai un momento coa posibilidade de combinar sen custo extra diferentes medios de transporte, fundamentalmente o autobús e o tren.

Basicamente este é o contido da moción que nós propoñemos e para a que pedimos o apoio.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Puentes.

Seguidamente, en representación do grupo municipal Mixto-Ciudadanos intervén a súa portavoz dona María José Rey Martínez.

A Sra. Rey Martínez: Nosotros estamos de acuerdo con todo lo que dice la moción, salvo un pequeño matiz y es que en Ciudadanos no queremos hablar ya de “media distancia” o de “regional” lo que queremos es que exista una red de cercanías en Galicia, con esa red de cercanías, con una buena red, eliminaríamos la mayoría de los problemas, por ejemplo, te permite hacer un bono para viajar por toda la red sin necesidad de que se haga unicamente para algún trayecto. Tampoco estaría de más aprovechar ya y preguntarle a Adif para cuando estará la variante de Cerdedo, esa variante que ni está ni se la espera. Así que, en resumen, a todo si con la salvedad de que deberíamos hablar ya de red de cercanías, unicamente, y no de media distancia.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey.

A continuación, intervén dona María del Carmen Moreira Martínez, en representación do grupo municipal Ma.Po.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

Adianto que o noso voto vai a ser a favor, como así fixemos na comisión correspondente. Eu quería recordarlle que Marea Pontevedra presentou en decembro de 2015 unha proposta instando ao Concello a solicitar dos organismos oportunos que a conexión ferroviaria de Pontevedra a Madrid se faga aproveitando esta nova liña de alta velocidade. Atendendo a proposta que facía o sindicato federal ferroviario, a Confederación Xeral de Traballo, indicando que o traxecto sería Pontevedra - Vila-garcía e logo, antes de chegar a Santiago, xa tomar cara a Ourense, aforrando a hora de tempo cando chegas a Ourense. Pero nos alegramos de que o Partido Socialista mudase a súa opinión nese tema, porque no ano 2005 anunciaban a abstenición porque isto como parque estaría ben pero como solución definitiva non lle parecía a máis axeitada.

Concordamos co resto dos puntos, tanto nos que se insta ao Ministerio de Fomento e Renfe como á Xunta de Galicia. Non provoca custo ningún axustar os horarios dos trens e poder favorecer moito aos viaxantes, así como ofertar os bonos integrados de Renfe entre Pontevedra e Ourense, incrementar o espazo para bicicletas nos parece fundamental e a inclusión do ferrocarril no plan de transporte metropolitano da área de Pontevedra para mellorar as condicións económicas nos desprazamentos das persoas é algo fundamental. En tren, porque coa introdución desa nova tarxeta metropolitana da que están a desfrutar as súas bonificacións áreas como Coruña, San-



tiago, Ferrol, Lugo ou Vigo.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Moreira.

De seguido, concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do PP.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente.

Simplemente para anunciar o noso apoio a esta proposta, se ben hai certas inexactitudes na información exposta, hoxe en día, entre Pontevedra e Ourense, pola semana hai unhas quince conexións diarias e desas quince trece son vía Santiago con billete xa con transbordo, é dicir, e á marxe tense que respectar porque cando a Renfe lle consta que hai un billete con transbordo ten que respectar e esperar a que as persoas fagan o transbordo para iniciar o arranque do tren hacia Ourense. Pero bueno, en todo caso, vamos a apoiala, parécenos especialmente importante a reclamación de que se utilice baipás en Santiago, iso si que aforraría un tempo importante na conexión directa con Ourense e mesmo con Madrid e, polo tanto, imos apoiar esta proposta.

Si quero facer un comentario, en canto ao grupo mixto- Ciudadanos, posto que, polo que vexo, parece que si queren cercanías, sabemos que o que non queren e AVE, xa o dixeron en Ciudadanos. E me estraña que pregunte pola de Cerdedo porque supoño que a resposta que vostedes queren para o tema do AVE por Cerdedo é cando se vai facer, nunca, creo que é o que necesitan vostedes saber porque é o que queren vostedes, que non se faga o AVE por Cerdedo porque vostedes non queren AVE, o único que queren é cercanías. Nós queremos AVE e queremos cercanías.

Nada máis e moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Moreira.

A continuación, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o concelleiro don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas.

Parécenos absolutamente razoable a proposta, sen entrar en matices, porque aquí a conta dos matices nos pasamos a discutir cousas que non teñen nada que ver coa corporación, pasamos horas e horas, e polo tanto non vamos a dicir nada máis. Vamos a votar a favor.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Mosquera.

Sra. Rey Martínez, ten a palabra.

A Sra. Rey Martínez: Miente miente que algo queda, Sr. Moreira. No sabe argumentar nada máis ni tiene otros argumentos?, por exemplo explíquenos por qué no ha llegado el AVE a Galicia, ¿no gobiernan ustedes?

O Sr. Alcalde-Presidente: Sr. Puentes, ten a palabra.

O Sr. Puentes Rivera: Gracias. Tres breves matices.

Primero agradecer o voto favorable de todos os grupos políticos, a brevidade tamén nas exposicións. Con respecto a intervención da voceira de Ciudadanos que falaba das cercanías, nós estamos tamén a favor de que se poda crear en Galicia, dunha vez por todas, agora que temos xa nunha boa parte do territorio unha conexión eléctrica e cunha vía razoablemente trazada, poder crear un servizo de cercanías. Na moción se fala de media distancia e de rexional asumindo os nomes comerciais que Renfe lle da actualmente aos seus trens, pero non quere dicir iso que non apostemos polas cercanías, que apostamos por elas e hai varias iniciativas no Congreso dos Diputados do grupo socialista e de deputados desta cidade precisamente reclamando, sobre todo entre Pontevedra e Vigo, un servizo de cercanías.

Con respecto á intervención de Marea Pontevedra, o Partido Socialista non rectificou nada, segue dicindo o mesmo nesta moción que o que dicía no ano no que se presentou a outra iniciativa, e é que o Partido Socialista defende a variante de Cerdedo, pero en tanto en canto a variante de Cerdedo non estea construída e non sexa viable e non haxa conexión a Madrid por Cerdedo pois se faga por Santiago de Compostela porque, evidentemente, se aforra unha hora de viaxe. Eu xa o dicía naquela intervención: somos a única cidade de Galicia na que cando houbo temporal e estivo cortada a vía polo Miño estabamos encantados todos de ir a Madrid en tren porque aforrábamos unha hora de traxecto, en vez de ser un inconveniente, que sería o razoable e o lóxico.

Por último, con respecto á intervención do Partido Popular, nós non falamos na moción do billete sinxelo que, efectivamente, non o ofertaba Renfe antes pero dende hai uns meses xa oferta billetes sinxelos con transbordo en Santiago de Compostela, senón que do que falamos é de que a ese traxectos que Renfe oferta se sumen estes que nós incluímos aquí, que se perden por diferenzas, insisto, de menos de 5 e de 10 minutos e, sobre todo, falamos do bono, é dicir, do abono mensual que é o que Renfe non oferta neste momento, combinado para o traxecto Ourense-Pontevedra, senón que obriga a comprar, dicía, dous bonos, un bono directo, se un vai á Coruña porque non cambia de tren, que custa 400 euros e dous bonos para vir a Pontevedra recorrendo menos quilómetros, que costa 465 euros, o que pedimos non é o billete sinxelo senón o abono de transporte mensual e que se adecúe o prezo ao traxecto.

Nada máis. Gracias polo apoio de todos os grupos e esperemos que o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia tomen nota nesta ocasión, aínda que non estea o telexornal para dar conta disto.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, acorda aprobar a proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación á conexión ferroviaria de Pontevedra con Vilagarcía, Vigo, Ourense e Madrid e a mellora no servizo prestado aos viaxeiros/as usuarios de bicicleta.



10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DA MA.PO PARA SOLICITAR DO GOBERNO AS ACCIÓNS OPORTUNAS PARA QUE AUDASA PAGUE INTEGRAMENTE O IBI.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupos municipais PP e Mixto-Ciudadanos), da Comisión de Economía e Facenda, de data 02.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal Marea Pontevedra, é do teor literal seguinte:

“A AP-9 é a única vía en Galicia que non paga o 95% do IBI grazas ás bonificacións previstas na lei de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión aprobada en 1972, no contexto da ditadura de Francisco Franco. O decreto do 17 de agosto de 1973 polo que se adxudicaba a concesión administrativa para a infraestrutura galega prevía que Audasa aproveitase os "beneficios" que figuraban no artigo doce da devandita lei e "ao longo do período concesional". Malia que a súa construción está máis que amortizada e, a pesar dos millóns de beneficios que xera, a exención aí segue, aplicándose ao nivel máximo de redución permitido no seu día pola lexislación franquista.

Audasa é a concesionaria de autoestrada de todo o Estado que máis tarde rematará a súa explotación despois da derradeira prórroga do goberno de Aznar, estendendo a concesión ata o máximo permitido (75 anos). Entre o 2011 e o 2015 o beneficio neto despois de impostos de Audasa pola xestión da AP9 foi de 186 millóns de euros, destinados integramente a retribuír aos seus accionistas, sen investir nada en mellorar o servizo nin tampouco en seguridade vial, nunha vía que conta co punto con maior siniestralidade do Estado.

Un de cada dos euros que as galegas e os galegos pagamos nas peaxes da AP9 é beneficio antes de impostos, e un de cada tres euros é beneficio neto para a empresa concesionaria. Con estes datos, so a conivencia político empresarial pode xustificar que Audasa conte coa bonificación do 95% do IBI que ten que pagar aos concellos que percorre.

Recentemente foi aprobada, a proposta de En Marea, unha PNL no Parlamento de Galicia na que se insta á Xunta de Galicia a apoiar aos Concellos polos que transcorre a AP9 nas actuacións que estas poidan levar a cabo para reclamar o cobro íntegro deste imposto. Polo exposto anteriormente e por ser de xustiza para os galegos e galegas, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede a seguinte

PROPOSICIÓN:

- 1.- Instar ao Goberno do Estado a realizar as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9 reclamar o pago íntegro do IBI por parte de Audasa.
- 2.- Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios no Congreso e no Parlamento Galego.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don Luís Rei Núñez, portavoz do grupo municipal Marea Pontevedra.

O Sr. Rei Núñez: A AP-9 é a única vía en Galicia que non paga o 95% do IBI mercé as bonificacións previstas na Lei de construción de autoestradas en réxime de concesión, aprobada en 1972, durante a ditadura do xeneral Franco. Un decreto do ano seguinte outorgáballe a adxudicataria Audasa eses beneficios ao longo do período concesional. Malia que a súa construción está máis que amortizada e, a pesar dos millónarios beneficios que xera, a exención segue aplicándoselle o nivel máximo de redución permitido no seu día pola lexislación franquista.

Audasa é a concesionaria de autoestrada de todo o Estado que máis tarde rematará a súa explotación despois da derradeira prórroga do goberno de Aznar, estendendo a concesión ata o máximo permitido de 75 anos. Entre 2011 e 2015 o beneficio neto foi destinado integramente a retribuír aos seus accionistas, sen investir nada, mellorar o servizo nin tampouco en seguridade viaria.

Un de cada dous euros que os galegos pagamos nas peaxes da AP-9 é beneficio antes de impostos, e un de cada tres euros é beneficio neto para a empresa concesionaria. Con estes datos, só a connivencia político-empresarial pode xustificar que Audasa conte coa bonificación do 95% do IBI que ten que pagar aos concellos polo que discorre o seu trazado. No ano 2016, por IBI a empresa pagou 300.000 euros cando lle corresponderían, si se lle aplicase a cota íntegra 6 millóns de euros. Recentemente foi aprobada a proposta de En Marea, unha proposición non de lei no Parlamento de Galicia na que se insta á Xunta de Galicia a apoiar aos concellos polos que transcorre a AP-9 na reclamación do cobro íntegro do IBI.

Por todo isto, o grupo municipal de Marea Pontevedra presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte proposición, con dous puntos: o primeiro: instar ao Goberno do Estado a realizar as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9 reclamar o pago íntegro do IBI por parte de Audasa; e o segundo: trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento Galego.”

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Rei.

Seguidamente, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o concelleiro don Raimundo González Carballo.

O Sr. González Carballo: Bos días. Eu, en todo caso, era por dar un pouquiño unha visión histórica deste asunto pero acabo rápido.

Este asunto foi unha preocupación deste Concello, deste goberno, dende hai moitos anos e de feito se presentaron sendos recursos polas liquidacións do 1998 ao 2002, por eses catro anos, se lle reclamou a Estado 1.200.000 euros. Despois outra reclamación do período 2003 ao 2007 de 1.550.000 euros e unha terceira de 568.000 euros. Resumindo, na primeira delas, e teño aquí a sentenza, o Tribunal Superior de Justicia de Madrid lle da a razón ao Concello e, de feito, di que estimamos a reclamación presentada polo procurador de turno en nome do Concello de Pontevedra e declaramos que o Concello de Pontevedra ten dereito a ser compensado polo Estado na cantidade 1.211.187,83 euros. Polo tanto, é unha reclamación na que temos feito moito fincapé, e despois houbo outras dúas posteriores, pero neste intering houbo unha sentenza do Tribunal Supremo en casación que utilizando os resortes do aparello do Estado anulou a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Madrid, co cal nos quedamos sen nada, por tanto, as seguintes xa foron denegadas pero por



iso, é dicir, é un tema que reiteradamente temos tratado.

En todo caso, por sintetizar, dicir que nos parece moito máis acertado o acordo do Parlamento Galego que este, hai dous deputados aquí, creo que é máis clarificador, porque di: instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI. Eu creo que isto está moito máis claro, porque no outro dise que poña as ferramentas de non sei que, pois nada, en definitiva, a cuestión é: teñen dereito á bonificación por unha lei pois haberá que cambiar esa lei ou, en todo caso, os que estean en período transitorio que no los compense o Estado, porque se botaron as contas, por catro anos era 1.200.000 euros, é dicir, nós lle facemos un regalo a autopista todos os anos de 300.000 euros, falando en prata. Por iso digo que hai que facer as modificacións legislativas porque isto se basea nunha lei, que é do franquismo, outras son anteriores, o Código Civil é moito anterior, 1886 creo que era, 1889, me equivoquei nuns anos, xa ten moitos.

En definitiva, eu creo que é moito máis acada esta redacción, clarifica moito máis, e fágolle unha petición ao poñente por se se pode substituír, se non se pode votamos igual a outra pero creo que é máis clarificadora e aprobose en Pleno por unanimidade por todos os grupos parlamentarios.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. González.

A continuación, intervén o portavoz do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: Simplemente para dicir que nós imos a apoiar esta proposta e tamén consideramos máis acada a redacción do Parlamento, entre outras cousas porque ten a man do Partido Popular porque foi obxecto dunha transacción co PP, será por eso quizás.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas.

Sr. Rei, ten a palabra.

O Sr. Rei Núñez: Brevemente.

A redacción do Parlamento de Galicia e está din o mesmo, as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9 reclamar o pago íntegro do IBI por parte de Audasa, non está claro que se pide que paguen o pago íntegro do IBI?

O Sr. González Carballo: Eu só fixen esa referencia histórica curta porque nós xa reclamamos e nos mandaron a freir espárragos, entón o que haberá é que cambiar a lexislación para que poidan reclamar, que haxa as modificacións legislativas necesarias, xa que houbo man do Partido Popular para mellorar a xestión, e se non se vota así, que máis da, se estamos todos de acordo.

O Sr. Rei Núñez: Vale, cambiaremos a redacción do primeiro punto, pero di o mesmo e parece que todos estamos a favor. Moi ben, cambiaremos a redacción.

Rematado o debate, sométese a votación a proposición presentada polo grupo municipal Marea Pontevedra, coa emenda aceptada formulada “in voce” polo portavoz do grupo municipal do BNG e aceptada polo grupo propoñente, e o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, préstalle a súa aprobación e, en consecuencia, acorda:

1. - Instar ao Goberno do Estado a facer as modificacións lexislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI.

2.- Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios no Congreso e no Parlamento Galego.

11.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CREACIÓN DUN PARQUE CANINO EN PONTEVEDRA.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais do BNG; PSOE; Ma.Po; e Mixto Ciudadanos), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 06.02.2018, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do teor literal seguinte:

“Pontevedra conta actualmente no seu término municipal cunha poboación canina duns 12.000 cans inscritos, o que supón que é a cidade galega con máis cans por habitante, con 146 cans por cada mil habitantes.

É unha demanda real e importante dos propietarios dos cans a creación dun parque canino na cidade de Pontevedra, un espazo necesario onde os cans poden correr en liberdade de forma segura e socializar con outros cans ao mesmo tempo que os propietarios poden gozar dos seus mascotas dun xeito que nos seus domicilios ou outras zonas da cidade non poden facelo.

A creación dun parque canino en Pontevedra vese máis necesaria que nunca, posto que non para de aumentar a cifra de cans censados e necesítanse espazos urbanos específicos para o esparcemento dos cans, espazos que proporcionen tranquilidade e seguridade aos cidadáns, asegurando xa que logo unha boa convivencia entre todos.

Regular a convivencia e utilización dos espazos públicos é unha das funcións fundamentais da administración local.

Creemos fundamental a habilitación destes espazos públicos específicos para cans, e ante a ausencia dunha normativa municipal en Pontevedra que regule a tenencia de animais de compañía, consideramos de vital importancia que os cans poidan gozar de espazos libres de ataduras fose tamén dos espazos pechados nos que están habitualmente.

Desde o Partido Popular de Pontevedra habemos ir mantendo reunións e conversacións con colectivos e propietarios de cans, considerando todas as partes a necesidade actual de dispoñer dun parque canino na nosa cidade.

Unha cidade “amiga dos cans” necesita que se leven a cabo medidas que faciliten a mellor convivencia dos cans coas persoas da mellor forma posible.



Un parque canino dá resposta en parte ás necesidades e servizos específicos, que moitas veces teñen que ser compartidos no espazo público como o é un portal ou unha beirarrúa, onde propietarios dos cans conviven co resto de transeúntes, dando lugar en ocasións a conflitos entre mascotas incompatibles e situacións hixiénicas pouco agradables.

Contra isto, a resposta da administración sempre estivo marcada por normativas de prohibición e sancionadoras, limitando o acceso dos cans a parques e zonas da cidade onde se prohíbe expresamente a súa estancia.

A propia concienciación dos cidadáns e a creación de espazos comúns de espaciamento para os cans demostrouse noutras cidades como unha medida eficaz na solución destes conflitos.

Un parque canino é un espazo acoutado compartido polas persoas e os animais de compañía, onde os animais poden xogar e correr baixo a supervisión dos seus donos cunhas garantías de seguridade.

A construción dun parque canino non precisa dun gran investimento. A infraestrutura necesaria é unha parcela acoutada cunha vala, unhas portas dobres de entrada e saída, bebedoiros para os cans, dispensadores de bolsas, papeleiras e contenedores para excrementos, puntos de iluminación para facilitar o seu uso en horas tardías, bancos para sentarse, podendo tamén si considérase e segundo posibilidade presupostaria instalar elementos de “agiliti” como tubos ou ramplas, aínda que non son imprescindibles.

Entre as vantaxes dun parque canino xa expostas anteriormente, hai que engadir a relacionada coa seguridade. Poder estar os cans sen a atadura dunha correa diminúe a agresividade destes, e favorece especialmente a socialización con outros cans, compartindo un mesmo espazo sen problemas. A propia separación do espazo de cans por tamaño, e normas básicas como non acudir con femias en celo, son sen dúbida medidas de seguridade eficaces que fan que se vexa reducido o paseo urbano polas nosas rúas, evitando xa que logo o problema habitual das feces nas beirarrúas. Serve pois de aliciente acudir cos cans cara a este espazo común específico reducindo a presenza das mascotas noutros espazos urbanos.

Pontevedra vén demandando desde os diferentes colectivos e propietarios a creación dun parque canino. A Asociación de Protectores de Animais Adopcións Galicia de Pontevedra, o colectivo Por un parque para cans digno en Pontevedra, a asociación Os Palleiros, son exemplos de colectivos que levan moito tempo pedindo á administración local a construción dun espazo específico para os cans.

As diferentes reunións co grupo de goberno, concentracións recentes na cidade, a realización dun manifesto, son actuacións que a día de hoxe aínda non han ter resposta polos nosos responsables de goberno.

A propia cidadanía de Pontevedra manifestouse en favor da construción na nosa cidade dun espazo propio para os cans, así queda reflectido na enquisa que o Diario de Pontevedra realizou no ano 2014, onde un 67 % da poboación cre necesario a construción deste espazo na nosa cidade.

Pontevedra como capital de provincia debe dar resposta a esta demanda social amplamente apoiada pola cidadanía, e seguir o exemplo de municipios próximos onde se realizaron infraestruturas caninas que son un exemplo hoxe en día.

Ou Grove, Redondela, Arcade, Soutomaior, Cambre, Vilagarcía de Arousa, Vigo, son municipios próximos que dotaron á súa localidade de parques caninos. Merece des-

tacarse como exemplo en Galicia o Concello de Ferrol, considerado o paraíso canino pola calidade e número dos seus infraestruturas específicas para os cans.

Polo tanto, elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

O pleno do Concello de Pontevedra acorda instar á Xunta de Goberno a:

1- A creación dun parque canino como zona de esparcemento situado na zona demandada polos propietarios de cans e veciños na zona do Gafos, onde os cans e propietarios poidan gozar dun espazo necesario nas mellores condicións de seguridade e hixiénico-sanitarias.

2- Velar para que o devandito parque canino teña o mantemento necesario para que sempre se manteña nas mellores condicións de seguridade e hixiénico-sanitarias necesarias.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra a don José Luis Martín González, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular.

Incidencias.- Abandonan a sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e señora Interventora municipal dona Blanca Vega Lorenzo.

O Sr. Martín González: Gracias, Sr. Alcalde.

Muy breve. Pontevedra es la ciudad gallega que tiene más perros por habitante, actualmente hay censados unos 12.000 perros, y creemos que se necesitan ya espacios específicos para esparcimiento de los perros, así nos lo piden los propios usuarios y propietarios de estos espacios. Hemos ido manteniendo reuniones y conversaciones con estos colectivos y, evidentemente, hemos confirmado que sí, que viene de muy atrás que viene solicitando estos espacios. La respuesta a las negativas en todas las ciudades, no solo de esta administración, suele ser limitar el acceso a los perros pues en parques, jardines, con lo cual no pueden disfrutar de un espacio adecuado en el que puedan correr y al mismo tiempo que proporcione seguridad.

La infraestructura necesaria no es algo costoso, ya lo dije en la comisión, hablamos de un arco de entre 12.000 y 18.000 euros, lo que ya sería un parque bastante avanzado y dotado, entonces no creemos que la disponibilidad presupuestaria puede impedir que se pueda ejecutar. En Pontevedra hasta estaría bonito poder ya disfrutar, por primera vez, de un parque urbano, que no tengan que recorrerse distancias excesivas y, ya digo, contamos con el apoyo o más bien hemos mostrado el apoyo a la petición de asociaciones como la Protectora de Animais e Adopcións Galiza de Pontevedra, el Colectivo por un parque canino para perros o la Asociación Palleiros. La propia ciudadanía de Pontevedra también se ha manifestado en sendas encuestas que ha realizado los medios de comunicación locales, como la Voz de Galicia o el Diario de Pontevedra, destacando que un 67% de la población lo vería bien.

Decir también que localidades y municipios cercanos a Pontevedra ya han realizado este tipo de infraestructuras, el éxito es notable, son necesarias y desde aquí pedimos a los grupos que tengan en consideración esta petición para creación de este espacio.

Muchas gracias.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Martín.

Seguidamente, en representación do grupo municipal Ma.Po, fai uso da la palabra a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

Dende Marea Pontevedra propoñemos unha solución fácil, económica e rápida, a creación dunha ordenanza que regule mediante horarios o uso de espazos de espaxamento e lecer xa existentes para uso compartido entre persoas e animais de compañía, este tipo de ordenanzas xa existen noutros lugares de España cunha aceptación bastante grande por parte da cidadanía. Lembramos que Marea Pontevedra xa presentou no Pleno de xaneiro de 2017 unha proposición para que a Xunta de Goberno do Concello impulsara a elaboración dunha ordenanza municipal específica de protección animal. Nós mantémonos á espera.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Moreira.

A continuación, intervén dona Paloma Castro Rey, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A Sra. Castro Rey: Moi brevemente.

Nós imos apoiar esta moción por estar a favor dos espazos para cans, pero tamén temos que facer constar aquí as imprecisións importantes e as carencias que presenta esta moción. En primeiro lugar, quero informar ao concelleiro do PP que esta non é unha idea pioneira, xa que foi a nosa compañeira Celia Alonso a que, na lexislatura 2007-2011, creou o primeiro parque canino da nosa cidade e da provincia. Para informalo está situado na Xunqueira de O Vao, entre o ramal da autopista e a desembocadura do río Rons, un espazo valado, de 2500 metros cadrados e dotado de auga e a súa intención era crear varios destas características nos diferentes puntos da cidade.

En segundo lugar, tamén consideramos que o argumentario é erróneo porque a creación destes espazos non vai a solucionar o problema da falta de civismo que presentan algúns propietarios de cans que non recollen as súas deposicións, e para isto eu penso que si que son máis efectivas, por exemplo, as sancións administrativas.

Doutra banda, entendemos que os parques caninos son espazos amplos onde os cans poden correr, xogar e relacionarse con outros, pero que non porque existan estes imos dividir á xente que ten cans da xente que non os ten, se non que o que temos que facer é ser un pouco cívicos, educar á xente e convivir todos nos mesmos espazos sempre con respecto e con civismo entre uns e outros.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Castro.

De seguido, en representación do grupo municipal do BNG, intervén a concelleira dona María Carmen Da Silva Méndez.

A Sra. Da Silva Méndez: Grazas, Sr. Alcalde.

Moi brevemente, para anunciar o voto en contra do grupo de goberno a esta moción porque a concreción que ten sobre o espazo no que se debería establecer este parque non é adecuada dende o punto de vista nin técnico ni para os obxectivos que se pretenden conseguir con ela.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Da Silva.

Sr. Martín González, ten a palabra.

O Sr. Martín González: Decirle a los señores de Marea que hemos contemplado lo de los espacios urbanos cedidos por horas pero eso es más propio de una ordenanza, no tiene nada que ver con un parque canino, ya existen en otras ciudades, incluso Zaragoza tiene una ordenanza específica de horarios en los parques, pero no consideramos meternos, esto es una infraestructura como tal, lo otro es una permisividad que se puede conseguir con una ordenanza.

Por supuesto, Sra. Castro, un parque canino no va a solucionar el problema cívico de la gente, o incívico en este caso, pero la en eso también es la ordenanza la que tiene que poner un régimen disciplinario sobre los ciudadanos incívicos y que intente corregir eso de alguna manera.

En cuanto a la omisión del primer parque, somos concedores de que si que hubo un parque en la Xunqueira pero yo me refería a este como el primer parque urbano, una de las quejas es el estado de abandono en el que se encontró siempre y otra la lejanía del casco urbano.

Remato diciendo que discrepamos un poco de lo que dicen los señores del BNG en cuanto al terreno, el terreno es propuesto por los propios usuarios, es un terreno que también entendemos que está ya casi preparado porque no hay que meter allí ningún tipo de maquinaria, sería simplemente colocar la valla y todarlo de entradas, salidas, bebederos, bancos... y otra cosa, ya hemos medido el terreno, hay que respetar los seis metros del río Gafos y nos queda un terreno idóneo, es utilizado, es frecuentado, no se utiliza por los transeúntes que utilizan el sendero del Gafos, es una propuesta de ellos que recogemos, y no vemos que sea un terreno, todo lo contrario.

Muchas gracias

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Martín.

Sra. Da Silva, ten a palabra.

A Sra. Da Silva Méndez: Moi brevemente, para decir que ese espazo ten un uso plural onde hai moitos usos diversos, nese espazo se fan dende concertos e outro tipo de cousas, e ten que manter ese uso plural, non é o terreo o espazo adecuado para facer unha instalación desas características. E usuarios ten máis que os que van con cans, ten bastantes máis tipos de usuarios.



O Sr. Alcalde-Presidente: Sr. Martín, ten a palabra.

O Sr. **Martín González**: Yo le invitaría entonces, en base a que la moción pueda salir adelante, que el grupo de gobierno propusiese una enmienda dándonos una opción, llevan 20 años de gobierno, son concededores de todo el espacio urbano que existe en la ciudad, si nos pueden proponer aquí una enmienda y poder realizar la infraestructura estaríamos ante un apoyo sensato con los dueños de perros.

O Sr. **Alcalde-Presidente**: Moitas grazas, Sr. Martín, moitas grazas polas indicacións pero as emendas facémolas nós e neste caso non as vamos a facer, en este caso vamos a rexeitar a proposta do Partido Popular.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo so seu resultado:

- En contra: 11 (11 BNG).

- Abstención: 2 (2 Ma.Po).

- A favor: 11 concelleiros (7 PP; 3 PSdeG-PSOE; e 1 Mixto-C's).

Producíndose empate na votación repítese co mesmo resultado, decidindo o voto de calidade da Presidencia. En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a creación dun parque canino en Pontevedra.

C) Mocións urxentes:

Non se presentaron.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:

12.- TOMA DE COÑECEMENTO DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

O Pleno do Concello toma coñecemento das modificacións orzamentarias: 13/2017(5G/2017); 14/2017(5T/2017); 16/2017(6T/2017); 17/2017(6G/2017); 18/2017(7T/2017); 19/2017(7G/2017); 20/2017(8T/2017); 21/2017(8G-2017); e 22/2017(9T/2017).

13.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo correspondentes ao mes de xaneiro de 2018.

14.- PREGUNTAS.

A) PREGUNTA DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JACOBO MOREIRA FERRO, RELACIONADA CO ABOAMENTO DUNHA FACTURA DUN PINCHO QUE TIVO LUGAR NO CONGRESO DO SINDICATO CIG.

O Sr. **Moreira Ferro**: Sr. Alcalde, esta pregunta é para vostede. Hai uns días desvelábase, porque atopamos unha factura de case 2000 euros en aperitivos no con-

greso do sindicato CIGA, un sindicato claramente vinculado ao seu partido e é verdade que despois de ver esta factura, se ben gran parte dos veciños de Pontevedra xa o coñecen a vostede como o Alcalde do paro, creo que a partir de agora os membros da CIGA o coñecerán como o rei do pincho, porque foi un aperitivo creo que bastante xeneroso por parte de todos os veciños de Pontevedra. E vostede contestou, polo que puidemos ler nos medios de comunicación, que é unha práctica habitual á hora de organizar congresos, eu entendo isto cando se trata dun congreso de xente que ven de fora de Galicia, unha misión internacional, como agasallo ou ágape de recepción de cortesía é lóxico, peor non entendemos cal é o motivo que leva a pagar isto a un sindicato amigo e de clara adscrición nacionalista. Dixo tamén vostede que ao recibir peticións deste tipo unhas veces se acepta e outras non. Non o que queremos saber é que motivo, que criterio é o que lle levou a vostede a mandar pagar este ágape de case 2000 euros ao sindicato CIGA que, sinceramente, a nós nos parece unha auténtica cacicada.

Nada máis e moitas grazias.

Contesta o Sr. Alcalde-Presidente: Grazas, Sr. Moreira.

Mire usted, nós temos por gala, dende hai 18 anos, promover a celebración en Pontevedra de todo tipo de eventos, reunións, congresos de todo tipo. Dende logo non facemos diferenzas, nos encanta que veña todo o mundo, nos encanta que veña xente de Galicia, obviamente, xente de fóra de Galicia e facemos, en xeral, o que facemos é unha recepción previa a esa celebración do congreso con todos os organizadores, e dentro dese desexo de que a xente leve unha boa imaxe da cidade e que despois da súa visita sexan prescriptores da cidade, que é unha forma de posicionar a cidade exteriormente, escoitamos cales son as súas demandas ou as súa peticións para a celebración dese congreso aquí, dese congreso, desa reunión ou dese evento deportivo, ou incluso de mítines, de mítines de forzas políticas, por poñer un exemplo. Escoitamos a todo o mundo e, en xeral, o que facemos é facer cesións gratuítas dos espazos onde se vai celebrar o congreso, esa é unha petición regular, de feito hai congresos que veñen a esta cidade porque unha cidade como Santiago ou como A Coruña normalmente cobran bastante en pelas contantes e sonantes pola celebración dos congresos. Nós valoramos absolutamente todo, dende a cesión dos locais, se nos demandan visitas guiadas, hai uns días se acercaron aquí varias organizacións creo que sindicais da Guardia Civil e da Policía que van a celebrar un congreso en Poio, e viñeron a ver se o Concello poderíamos facerlle unha visita guiada, vai a ser un congreso de catrocentas persoas, facerlle unha visita guiada da xente que queira acercarse a Pontevedra porque tiñan interese en coñecer Pontevedra, e polo tanto nós, en principio, dixémoslle que si, depende tamén, dixémoslle que si e ímolo facer, se veñen catrocentos pois ao mellor nos vai saír un pouco caro porque temos que contratar a sete, oito ou dez persoas que se dediquen a ensinarlle a cidade, porque non se pode levar a catrocentos detrás cunha megafonía, temos que poñer varias señoras e señores que fagan a visita guiada.

Hai outras cousas que facemos, nalgúns casos se lle fai unha cena de gala, dependendo das posibilidades económicas que teñamos, noutros se poñen a disposición espazos, por poñer un exemplo, cando ven o Partido Popular e fai un mitin nesta cidade, na praza de touros, que llo debe pedir á praza de touros porque ao Concello de Pontevedra non llo pide, é unha dúbida que temos, non sei, porque nós temos un convenio para utilización da praza de touros para moitos eventos, pero bueno, ese debe negocialo directamente coa praza de touros, pero si que nos pide a utilización



de espazos públicos para reservar espazo para os autobuses, cousas, etc., que nós obviamente condonamos ese prezo, iso ten un prezo. En todo caso, como ademais o Partido Popular pediu máis aclaracións ao respecto e iso non se pode contestar da noite á mañá pois lle contestaremos dunha forma máis específica, de canto custa utilizar o Pazo de Congressos, canto custa, outra cousa é que se lle cobre ou non pero si que é un custo, porque nós si que pagamos o Pazo de Congressos. Incluso nalgún caso, con todo o que significa iso, facer un operativo de tráfico especial, horas extraordinarias da policía, de protección civil, etc., e cando hai un congreso, por poñer un exemplo, do Partido Popular, maioritariamente veñen de todo o Estado, eu sei que viñan autobuses ata de Valladolid, creo que non se quedan aquí e que traen o bocadillo, pero ese é outro tema que nós non miramos, nós queremos que a xente veña a Pontevedra e que veñan os de Valladolid, os da Conchinchina, se poden vir de Hongkong tamén e queremos que se vaian contentos.

Eu non sei a cantidade de congresos que puideron facer os distintos sindicatos, a CIGA, etc., aquí sempre se atendeu a inauguración, algunha petición, algún agasallo a un ponente, algún pago de aloxamento de algún ponente para distintas cousas, intentamos responder a esas necesidades.

Polo tanto, todos os que veñan aquí queremos que vaian contentos, que coñezan a cidade e que sexan prescriptores, en definitiva, e non facemos diferenzas. Vostede pode pensar que facemos diferenzas pero nós non facemos diferenzas. Se vostede coñece a alguén que nos fixera unha demanda para celebrar aquí un congreso e este concello non xa aceptara ou non lle razoara por que non pois mo di vostede, mentres tanto facémolo exactamente igual con todo o mundo, e os custos que ten facer iso poden ser moitos ou poucos, a min me parecen razoables, porque ao final, e dunha forma de choiva miúda, xera unha imaxe da cidade que nos vai a dar moitas alegrías e nos vai a dar moitos retornos e nos está dando moitos retornos.

Esa é a miña contestación, Sr. Moreira.

Moitas grazas pola pregunta.

B) PREGUNTAS DA CONCELLEIRA DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, RELACIONADAS COS PROBLEMAS DE FUNCIONAMENTO DUN ESTABLECEMENTO NA RÚA ARCEBISPO MALVAR E SOBRE O PAGAMENTO DA RESERVA DE VÍA PÚBLICA DO CEIP CAMPOLONGO.

A Sra. Rodríguez Teso: Moitas grazas, Sr. Alcalde.

No pasado mes de novembro fixen no pleno unha pregunta sobre un establecemento que está na rúa Arcebispo Malvar, o Comecocos, que ademais de causar múltiples problemas aos veciños do propio edificio ten sido obxecto de intervencións policiais con resultado de detencións e incautación de certas substancias, tal e como se reflexaba na prensa nese momento. Nese pleno a Sra. Da Silva dixo que o antedito local tiña unha orde de peche pero como pode ser que se en novembro tiña unha orde de peche este siga funcionando con total normalidade, entón, a nosa pregunta é, se ten orde de peche cando se vai a facer efectiva esa orde de peche?

Moitas grazas.

Contesta a Sra. Da Silva Méndez: Grazas, Sr. Alcalde.

Eses expedientes se tramitan segundo os criterios establecidos no servizo de disci-

plina urbanística, saben todos os concelleiros e concelleiras presentes que ten unha tramitación e en función desa tramitación se da orde de peche pero non se pecha inmediatamente, hai que continuar a tramitación do expediente e a última fase desa tramitación da orde de cese de actividade é o precinto, pero ten que ser un expediente moi garantista porque non é o primeiro caso, non lle pasou a este goberno pero lle pasou a gobernos anteriores, que por precipitarse e non tramitar adecuadamente un expediente destas características despois houbo que indemnizar ao local correspondente por precintarllo sen que o expediente estivese feito como ten que estar, a punto de cruz, hai moitos intereses en xogo e, polo tanto, nós confiamos nos servizos xurídicos do servizo de disciplina urbanística do Concello que vela polos intereses do Concello de dos cidadáns e, polo tanto, estes expedientes se van tramitando tal e como o servizo de disciplina determina.

A Sra. Rodríguez Teso: Grazas.

Esta pregunta non vai para ninguén en concreto, aínda que si o Sr. González Carballo tivo algo que ver con isto igual pode contestarme el. O CEIP Campolongo segue a pagar o imposto de vado a pesares de ser un centro de ensino público, e despois de varias solicitudes por parte do centro para que se lles eliminase este pago do imposto conseguiron que se lle rebaixara o pago do imposto, está pagando 241 euros ao ano do ano, un colexio público. Na última conversa que tivo a dirección do centro co Sr. González Carballo, con referencia a isto vostedes, ao parecer, díxolle que ían a sacar un bando novo de vados e que aí xa se contemplaría a exención deste pago. O que queremos saber realmente é se nalgún momento este centro vai deixar de pagar o vado porque, ademais de que non hai tantas prazas como se contempla no recibo, ou no que sexa, ademais diso, os coches do concello que van facer traballos moitas veces de parques e xardíns tamén aparcan dentro do centro, entón, nada máis que saber se nalgún momento se vai deixar de cobrar este vado a este centro público.

Moitas grazas.

Contesta o **Sr. González Carballo:** Puido ser hai ano e medio ou dous anos que o Director do colexio veu falar comigo. Como estas cuestións son regradas lle dixen que falara coa Tesoureira Municipal, neste caso coa Vicetesoureira. Eu teño un recordo pero non sei se me equivocarei, non debían de pagar, eu creo que tiña esa idea, e lle dixen que arreglaran. Evidentemente dende aquela vin ao director moitísimas máis veces pero non me volveu recordar ese asunto, en todo caso, o luns me interesarei polo tema, máis diso non lle podo dicir. Digo eso, Pachú, en concreto non me dixon nada, Pachú é o director.

15.- ROGOS.

ROGOS DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR, D. MANUEL TOMÁS ABEIGÓN COSTA, EN RELACIÓN Á CONSTITUCIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E REPOSICIÓN DOS DEPÓSITOS DO LIXO NA RÚA CASTELAO.

O **Sr. Abeigón Costa:** Muy brevemente. Son dos.

El primero a raíz de la moción que presentó el Partido Socialista, que finalmente no ha traído hoy al pleno, nuestro grupo que ya se había reunido y lo ha hecho recientemente con los representantes del mundo del deporte en el extinto IMD, los cuales



nos han trasladado la importancia de que se inicie el procedimiento para constituir o Consello Municipal del Deporte, por dos razones fundamentales, una: estar permanentemente informados, y dos: poder opinar sobre las necesidades del deporte local.

El segundo ruego: los vecinos de la Calle Castelao insisten en la necesidad de que se repongan los contenedores de basura que se había retirado en la citada calle.

Nada más y muchas gracias..

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas grazas, Sr. Abeigón, tomamos nota so seu rogo.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 14:17 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.